

2013 MEMORIA DE ACTIVIDADES

DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

2013

MEMORIA DE ACTIVIDADES
Consello Galego de Relacións Laborais



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Edita:

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981.541.601

Fax: 981.541.610

E-mail: info.cgri@xunta.es

15781 Santiago de Compostela

Realiza: Unicopia Artes Gráficas, S.L.

ISSN: 1889-5395

Dep. Legal: C-1622-2009

Esta memoria pode consultarse tamén no sitio web do Consello: <http://cgri.xunta.es>

2013

MEMORIA DE ACTIVIDADES
Consello Galego de Relacións Laborais



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

*Presidente
do Consello*



LIMIAR

Introducir a memoria de actividade do Consello Galego de Relacións Laborais no ano 2013, non resulta tarefa sinxela pola escaseza do espazo e pola intensa actividade feita. Pola cabeza pasa nun primeiro intre escoller algunha actividade en concreto e desenvolve-la a modo de limiar posto que o resto virá reflectido ao longo da publicación. Así, para escoller a actividade ofrécense varias posibilidades.

- O consello cumpriu en 2013 vinte e cinco anos de existencia.
- Asinouse un novo Acordo de Solución Extraxudicial de conflitos.
- Intervimos en case cen mediacións e arbitraxes, acadándose a cifra mais alta desde que se asinou o AGA.
- Apoiamos e axudamos a mais de 115 xuntanzas de comisión negociadoras de convenios colectivos.
- Ditaminamos 52 normas da Xunta de Galicia cun grao de consenso moi elevado.
- Máis de un milleiro de persoas asistiron ás 10 xornadas de fomento do debate social organizadas polo Consello.
- O Curso Superior de Relacións Laborais celebrou a súa vixésimo terceira edición.

- O Consello tivo unha pegada única e notable no tratamento da ultraactividade dos convenios colectivos.
- Estreámonos nas redes sociais.
- As publicacións do Consello seguiron a ser un referente e incrementaron as persoas destinatarias.

Logo de darlle voltas, chegase á conclusión de que o limiar non debe centrarse en ningunha desas actividades, para iso xa está a propia publicación, senón en dous elementos que non se poden apreciar vendo os datos cuantitativos:

- O funcionamento como punto de encontro entre sindicatos e CEG.
- A vocación de utilidade ás relacións laborais galegas.

O certo é que esas foron dúas notas características deste ano 2013 no funcionamento do Consello. O ano rematado foi moi duro desde a perspectiva do emprego e do mantemento das empresas, foi un ano moi duro respecto do papel que debe de ter o Dereito do traballo, e foi un ano moi duro en materia de conflictividade social. É nese contexto de crise e de conflictividade onde o Consello reforzou o seu papel, primeiro tratando que por riba de coxunturalidades e de intres críticos sempre haxa un espazo para

o entendemento, para a negociación e para o acordo, e segundo tratando de ser útiles a empresas e traballadores e tratando de poñer un pequeno gran de área no desenvolvemento das relacións laborais.

Sempre, sempre debemos ter unha mesa posta para que senten empresas e traballadores, sempre debemos procurar os elementos que unen e que crean espazos compartidos e sempre debemos de reforzar o noso compromiso de ser útiles á sociedade e a Galicia.

Acadar eses obxectivos non é doado con recursos minguantes, con inestabilidade no noso estatus xurídico e con cargas sistemáticas e inxustas contra as organizacións que integran o Consello. Obriga a situación, a tirar de vontade, de pundonor e de compromiso, algo que non fallou nesta casa común no ano 2013.

Todo o que reflicten as páxinas desta publicación, e todo o que non reflicten pero que se fixo tamén, é froito dun persoal do Consello dunha calidade humana e profesional excepcional, e froito tamén dunha identificación, responsabilidade e implicación sen matices co Consello e co que representa de CIG, S.N. de CC.OO. de Galicia, UGT Galicia e CEG. Son eles quen fan Consello e a eles é aos que se dedica este pequeno limiar. Oxalá que no 2014 se manteñan estes dous alicerces, porque será o garante dun consello en alza, útil e rendible socialmente para Galicia.

Xaneiro de 2014

Demetrio Fernández López
*Presidente do Consello Galego
de Relacións Laborais*

INDICE

- 9 | O CONSELLO GALEGO DE
RELACIÓNS LABORAIS

- 19 | XUNTANZAS DO PLENO E DA
COMISIÓN PERMANENTE EN
2013

- 27 | EMISIÓN DE DITAMES

- 39 | SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE
CONFLITOS: XESTIÓN DO AGA

- 59 | O PAPEL DO CONSELLO NA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

- 69 | CURSOS, XORNADAS E
SEMINARIOS

- 77 | 25 ANIVERSARIO DA CREACIÓN
DO CONSELLO GALEGO DE
RELACIÓNS LABORAIS

- 81 | PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E
ESTUDOS

- 89 | PERSOAL DO CONSELLO

- 93 | GASTOS ORZAMENTARIOS

CERTIFICACIÓN

Marisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICA: Que na xuntanza do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, celebrada o 31 de xaneiro de 2014, foi aprobada por unanimidade a memoria de actividades do Consello correspondente ao exercicio de dous mil trece.

Santiago de Compostela,
31 de xaneiro de 2014

O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

NATUREZA XURÍDICA E
REGULACIÓN

COMPETENCIAS

COMPOSICIÓN

ESTRUTURA E
FUNCIONAMENTO

NATUREZA XURÍDICA E REGULACIÓN

A lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 11 de xuño de 2008, veu dar resposta a unha demanda dos axentes económicos e sociais galegos, xa que este organismo constitúe o único foro de participación institucional propio, ao non participar nel ningunha outra organización social ou profesional. A lei dota o Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, aínda que o adscribe organicamente á consellería competente en materia de traballo.

Esta lei veu así mesmo reforzar a neutralidade e non-interferencia na autonomía de sindicatos e asociacións empresariais, ao regulamentar que o nomeamento e cesamento de altos cargos do organismo conte coa conformidade das persoas membros das representacións sindicais e empresariais que integran o seu Pleno.

A súa regulación complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG de data 13 de novembro de 2008, pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.

COMPETENCIAS

As competencias do Consello, establecidas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno, son as seguintes:

- Elaborar e remitirlles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.
- Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
- Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios, nos ámbitos territorial e sectorial.

- Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendar a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
- Desenvolver as actuacións que considere necesarias para acadar o acordo marco interprofesional sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Promover e facilitar a mediación e arbitraje previstos nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitaxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
- Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos do Traballo), así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.
- Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que o Pleno determine.
- Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.
- Xestionar os acordos que lles sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
- Desenvolver as funcións que o RD 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.
- Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral da comunidade autónoma e a memoria anual sobre a actuación do Consello.
- Aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio.
- Promover a participación en conferencias ou congresos de interese laboral, así como nas iniciativas de estudos, debates, etc., vinculados coa difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral.
- Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.
- Aprobar a planificación anual de actividades do Consello.
- Examinar o desenvolvemento das relacións laborais en Galicia e propoñer medidas que contribúan á súa mellora.
- Aqueloutras funcións asignadas ao Consello, non atribuídas expresamente a outro órgano no Regulamento de Funcionamento Interno do organismo.

COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado por quen exerza a presidencia e a secretaría xeral e por catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de representativas en Galicia, que se agrupan da seguinte forma:

- a) Sete persoas membros das organizacións sindicais que superen o dez por cento da totalidade das e dos representantes legais dos traballadores/as de Galicia, computadas o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se produza a renovación do mandato



Pleno do consello

das persoas membros representativas do Pleno do Consello. A súa designación farana, en proporción á súa representatividade, os respectivos sindicatos e serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

- b) Sete persoas membros das organizacións empresariais de maior representatividade no ámbito da comunidade autónoma, considerando como tales, para os efectos desta lei, as que empregan como mínimo o dez por cento do persoal traballador no referido ámbito. Serán designadas por elas e nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

As conselleiras e conselleiros do Consello, tanto titulares como suplentes, serán designadas polas súas organizacións conforme os criterios de equilibrio entre ambos sexos, tal como recolle a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Todas as persoas integrantes do Consello, a excepción da titular da secretaría xeral, terán dereito a voto.

A duración do mandato das persoas con representación é de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución das titulares ou suplentes durante dito período, por proposta da organización á que representen.

INTEGRANTES DO CONSELLO EN 2013

En 2013, a composición do Consello foi a seguinte:

Presidente: Demetrio Fernández López, nomeado polo presidente da Xunta por Decreto 281/2002, do 3 de outubro, que tomou posesión do seu cargo o 7 de outubro de 2002.

Secretaría xeral: Marisa Peña Cebreiro, que ocupou este posto en comisión de servizos dende o día 31 de outubro de 2002 ata o 9 de abril de 2003, data na que obtén o citado posto por libre designación (Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais de 28 de marzo de 2003, publicada no DOG nº 69, do 08.04.2003). Tomou posesión o día 10 de abril de 2003.

Conselleiras e conselleiros:

Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

Titulares:

- Eladio Romero Ares
- José Carlos Rodríguez del Río
- M^a Cruz Vázquez González

Suplentes:

- Domingo Barros Montáns
- Ernesto Fontanes Blanco
- M^a Luisa Rodríguez Vázquez

Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

Titulares:

- Fernando Roberto Acuña Rúa
- Manuel Currás Meira

Suplentes:

- Francisco Xabier Cartelle Pérez (dende o 9 de agosto)
- Margarida Corral Sánchez
- Laura Sánchez Bugallo (ata o 9 de agosto)

Polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO.):

Titulares:

- Maica Bouza Seoane
- Xesús Castro Baamonde (dende o 27 de marzo)
- Daniel Costas Fernández (ata o 27 de marzo)

Suplentes:

- José Hurtado Amador
- José Placido Cazón Lamas (dende o 27 de marzo)
- Nuria Rodríguez Lema (ata o 27 de marzo)

Pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG):

Titulares:

- Antón Arias Díaz-Eimil
- José Manuel Fernández Cedrón (dende o 21 de maio)
- Javier García Ruíz
- Guadalupe Hervera Iglesias
- Julio Andrés López Garrido (dende o 9 de agosto)
- Luis Novoa Díaz
- Carlos Oliete Fernández
- José Manuel Pérez Garrido (ata o 9 de agosto)
- Miguel Ángel Puime Rey (ata o 21 de maio)

Suplentes:

- Marina Graña Bermúdez
- María J. de Miguel Pérez
- José Antonio Neira Cortés
- Sonia Pardo Díaz
- Fausto Santamarina Fernández
- Alberto Viejo López
- Rafael Serrano Hernández (dende o 22 de xaneiro)

ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

1) Órganos de goberno

- Órganos unipersoais
 - A Presidencia
 - A Secretaría Xeral
- Órganos colexiados
 - O Pleno
 - A Comisión Permanente

2) Outros órganos colexiados

- O Observatorio Galego da Negociación Colectiva
- O Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames
- A Comisión para a igualdade de mulleres e homes na negociación colectiva
- As comisións de traballo

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

A Presidencia

O nomeamento e o cesamento do presidente ou presidenta faise polo presidente/a da Xunta de Galicia, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, logo de ser aprobada a proposta pola metade máis unha das persoas membros de cada unha das representacións que integran o Pleno do Consello, reunido para o efecto.

A duración do seu mandato será de catro anos, prorrogable a outros catro co pronunciamiento previo do Pleno ao respecto.

Son funcións da persoa titular da Presidencia do Consello:

- a) Exercer a representación do Consello.
- b) Convocar as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, fixar a orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Formalizar cantos acordos fosen necesarios para o cumprimento dos fins do Consello.
- d) Supervisar a xestión do conxunto de áreas e servizos do Consello.
- e) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello e velar para que se cumpran as súas finalidades.
- f) Presentarlle ao Pleno o anteproxecto de orzamento anual do Consello.
- g) Presentarlle ao Pleno o plan e a memoria de traballo anuais do Consello.
- h) Adoptar as medidas necesarias para aplicar os acordos aprobados polo Pleno, polas comisións de traballo e polo Observatorio Galego da Negociación Colectiva.
- i) Convocar, por iniciativa propia ou a instancias do Pleno ou da Comisión Permanente, a persoas técnicas ou expertas para que asistan ás xuntanzas dos

órganos colexiados, cando se considere conveniente.

- j) Visar as actas e os certificados dos acordos acadados no Consello.
- k) Cantas outras funcións sexan propias da súa condición de titular da presidencia.

A Secretaría Xeral

O nomeamento e o cesamento do secretario ou secretaria xeral faise por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo entre funcionarios e funcionarias pertencentes ao grupo A, por proposta de quen ostente a Presidencia do Consello, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais representadas neste. Como a figura da vicepresidencia queda suprimida, a Secretaría Xeral asume as funcións que lle eran inherentes.

Son funcións da persoa titular da Secretaría Xeral do Consello as seguintes:

- a) Ocupar a secretaría do Pleno, da Comisión Permanente e de calquera outro órgano colexiado que puidese constituírse, asistindo ás reunións con voz pero sen voto.
- b) Exercer a coordinación técnico-administrativa dos distintos servizos do Consello e velar pola súa eficacia e funcionamento.
- c) Redactar acta e darlles o curso correspondente aos acordos que adopte o Consello.
- d) Certificar os actos e acordos que realice e adopte o Consello.
- e) Despachar co presidente/a os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle fosen encargados por aquel.
- f) Asumir a dirección do persoal ao servizo do Consello.
- g) Elaborar o plan e a memoria anuais do Consello para a súa presentación e conseguinte aprobación polo Pleno, dentro do primeiro trimestre do ano.

- h) Substituír á persoa titular da presidencia nos casos de vacante, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, a xuízo do Pleno, así como substituíla naquelas comisións de traballo que o Pleno determine constituír.
- i) Expedir certificacións das actas, ditames e acordos aprobados polos órganos colexiados por petición de calquera persoa con interese lexítimo.
- j) Levar o arquivo e custodiar a documentación dos órganos colexiados do Consello.
- k) Presidir as reunións do Pleno do Consello de nomeamento ou cesamento da persoa titular da presidencia do organismo.

ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

O Pleno

O Pleno, integrado por todas as persoas que compoñen o Consello, constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno.

Ademais, entre as funcións atribuídas especificamente a este órgano está a de aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio, acordar as indemnizacións por razón de servizo que lles corresponda as conselleiras e conselleiros, así como as retribucións aos profesionais que colaboren co Consello e aprobar o regulamento de funcionamento interno do Consello e as súas posibles modificacións.

Os acordos do Pleno do Consello serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto, e faranse constar en acta, se fose solicitado, os votos discrepantes, coa súa fundamentación.

A Comisión Permanente

A Comisión Permanente é o órgano de goberno ordinario do Consello e estará composta polas persoas titulares da presidencia

e da secretaría xeral e por seis membros do Consello en representación das organizacións que o compoñen, dos que tres corresponden ás organizacións empresariais e tres aos sindicatos máis representativos.

Entre as súas funcións está a de confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello.

Os acordos da comisión serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto, facéndose constar en acta, se así se solicitase, os votos discrepantes.

OUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS

Observatorio Galego da Negociación Colectiva

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, créase dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Estará integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames

O artigo 3 da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vincu-

lante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral.

Para o desenvolvemento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, cunha representación proporcional similar á do Consello e con normas propias de funcionamento, que foron modificadas en 2003. A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento seguirá as normas previstas no anexo do regulamento interno do organismo.

Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva

A Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia define, no seu Título III, a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións

xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre homes e mulleres.

Esta comisión constará dunha presidencia, que será ocupada por quen ostente a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas, tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas e tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, que participarán con voz, pero sen voto.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

Comisións de traballo

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

Integrarán as comisións de traballo as persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno, e as súas competencias serán as que este determine antes da súa constitución.

Estas comisións de traballo examinarán os temas que o Pleno decida e remitiranlle a este a resolución das súas conclusións. A presidencia e a moderación dos traballos nelas desenvolvidos corresponderalle á persoa titular da Presidencia do Consello, ou, de ser o caso, da Secretaría Xeral.

Xuntanza do Pleno do Consello



XUNTANZAS DO PLENO E DA COMISIÓN PERMANENTE EN 2013

PLENO

COMISIÓN PERMANENTE

PLENO

ORDINARIO: 31 DE XANEIRO DE 2013 (1/2013)

- Aprobación, se procede, da acta anterior 4/12.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación do programa de actividades para o ano 2013.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación do programa de actividades do Consello, que se centrou en catro áreas fundamentais:

1) Función consultiva. Non hai novidades no seu desenvolvemento. No primeiro bimestre do ano publicáronse en formato electrónico os ditames emitidos en 2012. A Comisión Permanente valorará a oportunidade de dar publicidade aos resultados da actividade consultiva e o grao de aceptación das consideracións feitas nos ditames.

2) Apoio á negociación colectiva. O Consello é o único órgano en Galicia que ten atribuída a función de apoio e fomento da negociación colectiva, sempre respectando a autonomía colectiva. O ano 2013 presenta no seu comezo unha situación de ralentización do ritmo negociador, unido á perda da ultraactividade que afectará un número importante de convenios colectivos no mes de xullo.

Desde o mes de xaneiro será posible, a través da páxina web de Consello, reservar salas de negociación, solicitar ditame sobre o ámbito de aplicación dun convenio colectivo e acceder ao programa Regcon para o **registro telemático de convenios e acordos colectivos de traballo en Galicia**, así como ás instrucións para a súa utilización e instalación e a documentación que se debe achegar en cada caso. Concretarase a posibilidade de consulta por parte das comisións negociadoras do número de persoas traballadoras afectadas por cada convenio colectivo.

Remítirase unha comunicación á Consellería de Traballo e Benestar, na que se faga constar o interese do Consello en asumir en Galicia as funcións da comisión consultiva nacional de convenios colectivos en orde á inaplicación de condicións de traballo. Neste senso, a Comisión Permanente acadará un posicionamento común respecto do xeito de asumir esas competencias.

Seguirase a ofrecer proactivamente o apoio do Consello en canto á asistencia técnica a mesas negociadoras e comisións paritarias, convocatoria de xuntanzas a instancia de parte, axuda na redacción e subministro de cláusulas tipo e estímulo para a sinatura de convenios colectivos. Así mesmo, tramitarase o rexistro electrónico de convenios colectivos a quen o solicite e delegue o trámite no persoal do Consello a tal efecto.

O observatorio da negociación colectiva continuará coa elaboración da recomendación a prol da negociación colectiva, traballará na confección da guía útil da negociación colectiva e analizará os datos sobre os convenios colectivos que se verán afectados polo fin da ultraactividade no ano 2013. Articularase o procedemento para a elaboración dos ditames sobre o convenio colectivo aplicable. Para todo isto, desenvolverá xuntanzas de carácter mensual. Seguirase editando e publicándose na web do Consello, con carácter trimestral, o Boletín de Negociación Colectiva.

A comisión consultiva para a igualdade na negociación colectiva acordará a súa actividade, partindo da continuación da análise dos plans de igualdade, da realización dunha xornada e do desenvolvemento das funcións previstas na Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

3) Solución extraxudicial de conflitos. Asinarase en febreiro a reforma do AGA. Revisarase o listado de mediadores e árbitros e darase publicidade ao novo texto do acordo entre os seus principais destinatarios.

O Consello seguirá a ter un papel proactivo no emprego do AGA como instrumento mais axeitado para a resolución de conflitos, bloqueos de negociación e posta en valor do diálogo e a negociación.

Actualizáranse as enquisas de valoración do AGA, remitíndose automaticamente co peche dos expedientes. Remitíranse aos membros da Comisión Permanente por correo electrónico os resultados das mediacións e das arbitrxes feitas.

A comisión paritaria do AGA retomarará o texto do AGA de conflitos individuais para adaptalo ás modificacións legislativas, así como a análise de necesidades materiais e orzamentarias para a súa posta en marcha en condicións axeitadas.

4) Fomento do debate social, a través das seguintes actividades:

- Publicacións.
- XXIII edición do Curso Superior de Relacións Laborais, que se clausurará en xullo.

- Xornadas: Con mais de 1200 asistentes ás xornadas no ano 2012, froito en boa parte da oportunidade temporal da súa celebración e as temáticas escollidas, realizaranse no mes de marzo, xornadas en Lugo, Coruña, Ourense, Pontevedra e Santiago, a razón dunha por semana, sobre novidades laborais e de seguridade social, tendo en conta para a fixación das datas a reforma desta última. Organizarase tamén unha xornada en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial.

- No mes de setembro realizarase a xornada de igualdade nos termos que acorde a Comisión Autonómica para a Igualdade na negociación colectiva.

- No último trimestre, organizaranse unhas xornadas en Vigo e Ferrol, con temas que se concretarán en función da evolución da realidade laboral.

- Seminarios formativos para cadros empresariais e sindicais: Realizarase en Santiago de Compostela un seminario os días 20 e 21 de xuño, sobre mediación e negociación en conflito.

- Celebración do 25 aniversario da creación do Consello Galego de Relacións Laborais.

- Alta no primeiro semestre do ano en Facebook e en Twitter, co obxectivo de incrementar a súa presenza nas redes sociais.

ORDINARIO: 5 DE XULLO DE 2013 (2/2013)

- Aprobación, se procede, da acta anterior 1/2013.

- Información xeral do estado de actividades do Consello.

- Aprobación das contas correspondentes ao exercicio 2012.

- Aprobación das indemnizacións ás organizacións.

- Análise da solicitude de ingreso no Consello Galego de Relacións Laborais polo sindicato da función pública CSI-CSIF.
- Rogos, preguntas e propostas.

O presidente presenta una relación de convenios colectivos estatais e sectoriais que rematan a súa vixencia o 7 de xullo de 2013, así como aqueles que rematan en 2013 máis alá desa data. Indica que nestes días o Consello está recibindo numerosas consultas sobre este tema.

Preséntase o novo número do Boletín de Negociación Colectiva, de xuño de 2013, no que se indica, entre outros datos, que se observa un incremento salarial do 0,72 nos convenios asinados e revisados, incremento inferior ao IPC galego de maio que foi do 1,8%. Tamén destaca que a xornada pactada nos convenios asinados e revisados a 30 de xuño de 2013 sitúase en 1.792,1 horas anuais, sendo a xornada máis alta desde que se teñen rexistros no Consello.

Continúanse a realizar no Consello distintas reunións das mesas negociadoras dos convenios colectivos dos seguintes sectores: residencias privadas da terceira idade, axuda a domicilio, instalacións deportivas, eventos culturais, bingos, comercio vario de Coruña e limpeza do Hospital Clínico Universitario de Santiago.

Acórdase prestar aprobación á memoria e ás contas anuais correspondentes ao ano 2012, que son explicadas pola secretaria xeral do Consello. Manifesta que a Consellería de Traballo non transferiu a totalidade dos fondos asignados ao Consello en cumprimento do Plan de axuste orzamentario 2012. O orzamento do Consello minorouse nun importe de 115.765,00 € (98.740,53 € do capítulo II “gastos correntes” e 17.024,47 € do capítulo IV “Transferencia a Universidade de Santiago de Compostela), ao que hai que engadir o recorte en gastos de persoal, que pasaron de 661.890,00€ a 576.643,06€. Debido ao recorte na subvención á Universidade de Santiago de Compostela non se puido formalizar unha nova edición do Curso Superior de Relacións Laborais ata xaneiro de 2013. O Consello executou practicamente a totalidade dos fon-

dos transferidos, existindo un remanente de tesorería, por importe de 85.392,55 €. O importe sobrante no capítulo I (85.246,94 €) corresponde á paga extra do mes de decembro (non aboada), cotas de seguridade social e outros excedentes, e constitúe o remanente de crédito que será devolto ao Tesouro en 2013, xunto con 145,61 € que non se gastaron no capítulo II. En canto á expedientes de contratación, comenta a secretaria que en 2012 se adjudicaron os servizos de limpeza e seguridade das instalacións do Pazo de Amarante que se xestionan conxuntamente polos tres organismos que teñen a súa sede nel, sendo o Consello Consultivo o órgano de contratación.

O Pleno acorda, por unanimidade, aprobar o aboamento ás organizacións sindicais e empresarial das indemnizacións correspondentes ao exercicio de 2013, pola súa participación nas actividades do Consello, que importan a cantidade de 202.000,00 € e que se distribúen tendo en conta a súa representatividade no organismo.

Respecto á solicitude do sindicato CSI-CSIF para incorporarse institucionalmente ao Consello Galego de Relacións Laborais, o Pleno acorda que se evacúen as consultas legais pertinentes acerca da forma de elaboración dun novo decreto de estrutura do organismo, de acordo coas previsións legais establecidas na LOFAXGA e co mantemento do carácter paritario do Consello Galego de Relacións Laborais.

ORDINARIO: 25 DE OUTUBRO DE 2013 (3/2013)

- Aprobación, se procede, da acta anterior 2/2013.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación do orzamento correspondente a 2014.
- Toma en consideración do informe sobre a actividade sociolaboral en 2013.
- Rogos, preguntas e propostas.

Dase conta do informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia a outubro de 2013, segundo o cal, a data 24 de outubro hai en Galicia un total de 126 convenios colectivos asinados, que afectan a 176.196 persoas traballadoras, dos que 95 son de empresa e 31 de sector. Respecto aos 13 convenios colectivos revisados, 9 convenios foron de empresa e 4 de sector, que afectan a 26.225 persoas traballadoras. A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados foi do 0,72%, fronte ao 1,52 no mesmo período do 2012. A media ponderada da xornada pactada segue moi alta e sitúase en 1.771,85 horas/ano. Dase conta igualmente do número de convenios colectivos asinados con cláusula de inaplicación e do número de convenios asinados con pacto de ultraactividade. Finalmente, o número de convenios colectivos negociados por primeira vez en 2013 é de 17, que afectan a 542 persoas traballadoras. O presidente comenta tamén que hoxe remata a elaboración do novo Boletín de Negociación Colectiva e que se distribuirá a partir do luns 28 de outubro.

O presidente informa sobre o proceso de creación en Galicia do órgano equivalente á Comisión consultiva nacional de convenios colectivos e comenta que, de acordo coa petición das organizacións sindicais e empresarial que integran o Consello, a Consellería de Traballo e Benestar está elaborando un borrador normativo para que ese órgano resida neste organismo e podan tratarse aquí as inaplicacións de convenios que, ata o momento, houbo 19 en España e soamente 1 en Galicia (Alcoa).

O presidente dá conta da proposta de orzamento do Consello para 2014, que tomou en consideración á Comisión Permanente e que se axusta ás indicacións da Consellería: o capítulo I (gastos de persoal) non varía respecto a 2013; os capítulos II (gastos correntes) e IV (subvención á USC para o Curso Superior de Relacións Laborais) resultan minorados nun 5% e o capítulo VI (gastos de capital) minórase nun 14,5%. A diminución do orzamento do Consello, que pasa de 1.070.578 a 1.046.221 €, limita moitísimo a súa actividade.

ORDINARIO: 18 DE DECEMBRO DE 2013 (4/2013)

- Aprobación, se procede, da acta 3/2013.
- Información xeral.
- Informe das actividades desenvolvidas ao longo de 2013.
- Rogos, preguntas e propostas.

O presidente presenta ao Pleno o balance xeral de actividades do Consello en 2013 e informa sobre a actividade do Consello:

Ditames: A data de hoxe hai 51 ditames emitidos e 1 pendente de emisión. Preséntase a comparativa sobre as consideracións aceptadas e as non tidas en conta nos ditames emitidos no ano 2012.

AGAs: A data hoxe están xestionados 92 expedientes (11 arbitraxes e 81 mediacións). Coméntase o cadro estatístico dos procedementos tramitados durante o 2013 e a enquisa de valoración do AGA da que se desprende a xeral satisfacción das partes que utilizan o sistema.

Xornadas: Infórmase do número de persoas participantes en cada unha das xornadas e cursos realizados polo Consello no 2013: 17 persoas no seminario formativo para cadros empresariais e sindicais; 51 asistentes á xornada organizada en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial, 706 ás oito xornadas realizadas sobre as últimas reformas laborais e de seguridade social, 41 á xornada de análise da ultraactividade dos convenios colectivos e 77 á xornada en materia de igualdade e, finalmente, 39 participantes na XXIII edición do Curso Superior de Relacións Laborais.

Rexistro telemático de convenios e acordos colectivos (REGCON): Dase conta dun total de 57 acordos inscritos no REGCON desde o Consello no ano 2013 (27 convenios colectivos, 9 laudos arbitraxes, 11 revisións salariais, 4 acordos de Comisións Paritarias, 1 denuncia, 2 acordos de empresa, 1 pronunciamiento do Tribunal, 1 inaplicación de convenio e 1 Acordo Interprofesional (o da reforma do AGA).

Negociación Colectiva: Coméntase o informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia a data 30 de novembro de 2013: hai en Galicia un total de 161 convenios colectivos asinados, que afectan a 220.058 persoas traballadoras, dos que 123 son de empresa e 38 de sector. Respecto aos 13 convenios colectivos revisados, 9 convenios foron de empresa e 4 de sector, que afectan a 26.225 persoas traballadoras. A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asi-

nados e revisados foi do 0,63%, fronte ao 1,51 no mesmo período do 2012. A media ponderada da xornada pactada segue moi alta e sitúase en 1.769,58 horas/ano. Un 34,16% de convenios colectivos asinados teñen cláusula de inaplicación e un 66,46% conteñen pacto de ultraactividade. Finalmente, o número de convenios colectivos negociados por primeira vez en 2013 é de 21, que afectan a 603 persoas traballadoras.

COMISIÓN PERMANENTE

ORDINARIA: 18 DE XANEIRO DE 2013

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Planificación de actividades de 2012.

ORDINARIA: 28 DE FEBREIRO DE 2013

- Información xeral do estado de actividades do Consello.

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación ao recurso interposto pola Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F).
- Consultas sobre convenios colectivos aplicables.
- Xornada en colaboración co CGPJ.
- Sinatura do AGA.
- Xornada 25 aniversario do Consello.

Xuntanza da Comisión Permanente



EXTRAORDINARIA: 18 DE ABRIL DE 2013

- Comisión Galega de Convenios Colectivos.

ORDINARIA: 24 DE MAIO DE 2013

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Xornada 25 aniversario do Consello.

ORDINARIA: 26 DE XUÑO DE 2013

- Información xeral.

ORDINARIA: 25 DE SETEMBRO DE 2013

- Información xeral.


EXTRAORDINARIA: 10 DE OUTUBRO DE 2013

- Información xeral.
- Conclusións do informe sobre a situación sociolaboral en 2012.
- Orzamento do Consello para 2014.

ORDINARIA: 18 DE NOVEMBRO DE 2013

- Información xeral.

EMISIÓN DE DITAMES



EMISIÓN DE DITAMES

O artigo 1 da lei reguladora do Consello configura a este como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias relativas a súa política laboral.

Neste aspecto, unha das funcións máis salientables do Consello é a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral. Esta función lévaa a cabo o Comité delegado

do Pleno para a emisión de ditames, que a normativa configura como un órgano colexiado dotado de normas de funcionamento interno, que veñen recollidas no anexo do regulamento interno do organismo.

En 2013 emitíronse, sempre dentro do prazo legalmente establecido, 52 ditames que se relacionan de xeito resumido a continuación. Todos eles recóllense integramente na páxina web do Consello.

Comité de Ditames



| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|--------|---|---------------|-------------------------|
| 1/2013 | Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia. | 2 de xaneiro | 26 de marzo |
| 2/2013 | Proxecto de orde pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción. | 10 de xaneiro | 12 de abril |
| 3/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do concurso de iniciativas cooperativas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 23 de xaneiro | 12 de abril |
| 4/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 23 de xaneiro | 12 de abril |
| 5/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 23 de xaneiro | 12 de abril |
| 6/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2013. | 30 de xaneiro | 15 de maio |
| 7/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2013 e 2014 de programas integrados para o emprego. | 30 de xaneiro | 19 de abril |
| 8/2013 | Proxecto de decreto polo que se desenvolve a regulamentación e o alcance da participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia. | 4 de febreiro | Pendente de publicación |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|---|----------------|-------------------------|
| 9/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 11 de febreiro | 19 de xuño |
| 10/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2013. | 11 de febreiro | 19 de xuño |
| 11/2013 | Proxecto de orde pola que se procede á convocatoria de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais para o ano 2013. | 11 de febreiro | 10 de abril |
| 12/2013 | Proxecto de decreto polo que se regula, no marco da participación institucional, as compensacións económicas ás organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia. | 18 de febreiro | Pendente de publicación |
| 13/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de técnicos para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013. | 25 de febreiro | 19 de abril |
| 14/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 4 de marzo | 6 de xuño |
| 15/2013 | Proxecto de orde pola que se regula o réxime de subvencións ás centrais sindicais para o ano 2013. | 4 de marzo | 11 de xuño |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|---|--------------|----------------------|
| 16/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 11 de marzo | 20 de xuño |
| 17/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidades nos centros especiais de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o período do 1 decembro de 2012 ata o 30 de novembro de 2013, dentro do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego. | 27 de marzo | 28 de maio |
| 18/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2013. | 27 de marzo | 16 de maio |
| 19/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2013. | 5 de abril | 10 de xuño |
| 20/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2013. | 5 de abril | 28 de maio |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|--|--------------|----------------------|
| 21/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 5 de abril | 8 de maio |
| 22/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á formación e contratación – programa FORCON-, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 10 de abril | 4 de xuño |
| 23/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas, das entidades asociativas de centros especiais de emprego e das entidades asociativas de empresas de inserción laboral, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 10 de abril | 19 de xuño |
| 24/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 16 de abril | 6 de xuño |
| 25/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 16 de abril | 12 de xuño |
| 26/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 24 de abril | 26 de agosto |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|---|-----------------|----------------------|
| 27/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 24 de abril | 3 de xuño |
| 28/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 13 de maio | 22 de agosto |
| 29/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 20 de maio | 22 de agosto |
| 30/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das mulleres cotitulares ou titulares de explotacións agrarias, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. | 10 de xuño | 14 de agosto |
| 31/2013 | Proxecto de Orde pola que se aproba a convocatoria, de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, de 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento. | 12 e 21 de xuño | 7 de outubro |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|--|--------------|-------------------------|
| 32/2013 | Proxecto de Orde pola que se regula o rexistro e depósito das actas de designación de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais. | 21 de xuño | Pendente de publicación |
| 33/2013 | Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio e se procede á convocatoria para o ano 2013. | 10 de xullo | 18 de outubro |
| 34/2013 | Proxecto de orde pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2013. | 10 de xullo | 14 de outubro |
| 35/2013 | Proxecto de decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2014. | 10 de xullo | 8 de agosto |
| 36/2013 | Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 20 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ao abeiro do Real decreto 196/2010, do 26 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a reinserción laboral así como o establecemento de axudas especiais aos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo de 2001, e 25/2001, do 31 de xullo de 2001. | 19 de xullo | 8 de novembro |
| 37/2013 | Proxecto de orde pola que se dá publicidade ao modelo normalizado de papeleta de conciliación a presentar nas seccións de mediación, arbitraje e conciliación (SMAC) da Comunidade Autónoma de Galicia. | 29 de xullo | 29 de outubro |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|---|----------------|-----------------------|
| 38/2013 | Proxecto de orde pola que se dá publicidade aos modelos normalizados de solicitude de autorización de persoas e entidades para desenvolver actividades de auditoría dos sistemas de prevención e de notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á auditoría dos sistema de prevención, a presentar na Comunidade Autónoma de Galicia. | 7 de outubro | 13 de novembro |
| 39/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. | 8 de novembro | 15 de xaneiro de 2014 |
| 40/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. | 14 de novembro | 10 de xaneiro de 2014 |
| 41/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2014. | 21 de novembro | 31 de decembro |
| 42/2013 | Proxecto de orde pola que se regula o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. | 21 de novembro | 29 de novembro |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|---|----------------|-------------------------|
| 43/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2014. | 22 de novembro | 10 de xaneiro de 2014 |
| 44/2013 | Proxecto de orde pola que regula o procedemento de autorización para a impartición de accións formativas non financiadas por fondos públicos, conducentes á obtención de certificados de profesionalidade. | 25 de novembro | Pendente de publicación |
| 45/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2014 e 2015. | 25 de novembro | Pendente de publicación |
| 46/2013 | Proxecto de decreto polo que se define a carteira de servizos de políticas activas de emprego e a estrutura e funcionamento das oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia. | 27 de novembro | Pendente de publicación |
| 47/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas, das entidades asociativas de centros especiais de emprego e das entidades asociativas de empresas de inserción laboral, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. | 9 de decembro | Pendente de publicación |
| 48/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. | 9 de decembro | Pendente de publicación |

| DITAME | DENOMINACIÓN | DATA EMISIÓN | DATA PUBLICACIÓN DOG |
|---------|--|----------------|-------------------------|
| 49/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. | 16 de decembro | 10 de xaneiro de 2014 |
| 50/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. | 16 de decembro | Pendente de publicación |
| 51/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. | 16 de decembro | 10 de xaneiro de 2014 |
| 52/2013 | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. | 19 de decembro | Pendente de publicación |

SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS: XESTIÓN DO AGA

**TRAXECTORIA DO AGA
ATA 2013: EXPEDIENTES
XESTIONADOS**

**INCREMENTO DO
NÚMERO DE EXPEDIENTES
XESTIONADOS AO ABEIRO
DO AGA**

**ADAPTACIÓN DO AGA
ÁS ÚLTIMAS REFORMAS
LABORAIS**

TRAXECTORIA DO AGA ATA 2013: EXPEDIENTES XESTIONADOS

A continuación referirémonos, dun xeito fundamentalmente estatístico, aos expedientes xestionados ao abeiro do AGA desde os seus comezos en xuño de 1992 ata o 31 de decembro de 2013.

Nunha primeira aproximación a esta estatística, podemos dicir que dos 883 expedien-

tes promovidos, o 57,64% corresponden ao sector servizos; o 39,86% ao da industria; o 1,25% ao da construción, o 1,02% ao da pesca e o 0,23% ao da agricultura. Esta proxección porcentual segue a mesma liña que en anos precedentes.

AGA. Expedientes por sectores económicos e número de persoas traballadoras afectadas (1.06.92 / 31.12.13)

| | Nº exptes | % | Nº Persoas Traballadoras | % |
|--------------|------------|------------|--------------------------|------------|
| Agricultura | 2 | 0,23 | 22 | 0,0 |
| Pesca | 9 | 1,02 | 7.600 | 1,02 |
| Industria | 352 | 39,86 | 149.439 | 19,98 |
| Construción | 11 | 1,25 | 16.203 | 2,17 |
| Servizos | 509 | 57,64 | 574.798 | 76,84 |
| Total | 883 | 100 | 748.062 | 100 |

Se analizamos os expedientes promovidos segundo o ámbito do conflito (sector ou empresa) e diferenciando o seu ámbito xeográ-

fico, ao mesmo tempo, obtemos a seguinte información:

**Total expedientes iniciados. Persoas traballadoras afectadas por sector e empresa.
(01.06.92 / 31.12.13)**

| | Comunidade Autónoma | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---------------------|----------|--------|---------|------------|---------|
| Expedientes iniciados | 99 | 362 | 110 | 34 | 278 | 883 |
| Persoas traballadoras afectadas | 108.756 | 299.066 | 44.832 | 9.763 | 285.645 | 748.062 |
| Nº Expedientes conflitos sector | 32 | 39 | 10 | 9 | 61 | 151 |
| Persoas traballadoras conflitos sector | 91.181 | 239.691 | 22.150 | 6.802 | 259.004 | 618.828 |
| Nº Expedientes conflitos empresa | 67 | 323 | 100 | 25 | 217 | 732 |
| Persoas traballadoras conflitos empresa | 17.575 | 59.375 | 22.682 | 2.961 | 26.641 | 129.234 |

Se analizamos os expedientes que tiveron entrada no rexistro do AGA segundo o seu resultado final, obtéñense os seguintes datos:

AGA. Resultado dos expedientes. Distribución territorial (01.06.1992 / 31.12.13)

| | Expedientes iniciados | Expedientes rexeitados ou desistidos | Confliitos resoltos por acordo previo | Expedientes tramitados | Expedientcon resultado positivo | Expedientcon resultado negativo | Expedientes en tramitación |
|---------------|-----------------------|--------------------------------------|---------------------------------------|------------------------|---------------------------------|---------------------------------|----------------------------|
| Com. Autónoma | 99 | 43 | 2 | 51 | 37 | 14 | 3 |
| A Coruña | 362 | 131 | 15 | 213 | 171 | 42 | 3 |
| Lugo | 110 | 43 | 3 | 63 | 56 | 7 | 1 |
| Ourense | 34 | 10 | 1 | 23 | 19 | 4 | |
| Pontevedra | 278 | 68 | 10 | 197 | 176 | 21 | 3 |
| Total | 883 | 295 | 31 | 547 | 459 | 88 | 10 |

Expedientes xestionados (01.06.92 / 31.12.13)

| | | | | |
|--|-----|---------------------|--------------------|---------------------------------|
| Expedientes iniciados | 883 | | | |
| Expedientes en tramitación | 10 | | | |
| Expedientes rexeitados | 275 | | | |
| Expedientes tramitados | 578 | | | |
| Expedientes desistidos | 20 | | | |
| | | Confliitos resoltos | Empresas afectadas | Persoas Traballadoras afectadas |
| Expedientes tramitados | 578 | 475 | 81.511 | 407.547 |
| Expedientes arquivados por solución previa | 31 | 31 | 955 | 7.728 |
| Conciliación/mediación | 408 | 318 | 63.784 | 307.408 |
| Arbitraxes | 139 | 126 | 16.772 | 92.411 |

Resultado final de cada expediente (01.01.2013 / 31.12.2013)

| | Expedientes iniciados | Expedientes rexeitados pola contraparte afectada | Expedientes desistidos | Conflictos resoltos por acordo previo | Expedientes tramitados | Expedientes con resultado positivo | Expedientes con resultado negativo | Expedientes en tramitación |
|---------------|-----------------------|--|------------------------|---------------------------------------|------------------------|------------------------------------|------------------------------------|----------------------------|
| Com. Autónoma | 10 | 2 | 1 | 1 | 5 | 4 | 1 | 1 |
| A Coruña | 43 | 16 | 1 | 3 | 21 | 14 | 7 | 2 |
| Lugo | 7 | 4 | | | 2 | 2 | | 1 |
| Ourense | 0 | 0 | | | 0 | 0 | | |
| Pontevedra | 34 | 5 | | | 27 | 24 | 3 | 2 |
| Total | 94 | 27 | 2 | 4 | 55 | 43 | 11 | 6 |

Mediación no Consello



| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|--|--------------|--------------------------------------|---|---------------------------|----------------|
| 2/13 | Sector de Industrias e Despachos de Panificación, Confeiterías, e Pratos Preparados da provincia de Pontevedra | Mediación | Federación Agroalimentaria de CC.OO. | Bloqueo na negociación do convenio colectivo de empresa. | Verónica Martínez Barbero | Positivo |
| 4/13 | Gabisa Automoción, SL | Mediación | UGT-Galicia | Bloqueo na negociación do convenio colectivo de empresa. | José María Casas de Ron | En tramitación |
| 5/13 | José Lantero e Hijos, SA | Mediación | Comité de empresa | Discrepancias en materia de vacacións e de procedemento para o desfrute dos días de libre disposición. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |
| 6/13 | Camino Santo, SL (Hotel Puerta del Camino) | Mediación | Comité de empresa | Discrepancias en materia de distribución da compensación dos festivos. | Benigno Sánchez García | Positivo |
| 8/13 | Conservas Selectas de Galicia, SA | Mediación | Federación Agroalimentaria de CC.OO. | Medidas de suspensión e peche do centro de traballo da empresa. | Carlos Domenech de Aspe | Negativo |
| 9/13 | La Voz de Galicia, SA | Mediación | Empresa | Discrepancias na interpretación da disposición adicional 1ª do convenio colectivo da empresa, en concreto no relativo determinación do cadro de persoal, cómputo, criterio de mantemento de emprego e número de baixas. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMIENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|--|---------------|---------------------------|---|-------------------------|-----------|
| 13/13 | Forem Galicia | Mediación | Empresa | Bloqueo na negociación do proceso de inaplicación no exercicio 2013 do Anexo III "Retribucións " do Convenio de FOREM. | Benigno Sánchez García | Positivo |
| 14/13 | Hospital Povisa, SA | Mediación | Comité de empresa | Discrepancias en diversas cuestión de índole laboral derivadas da aplicación da aplicación de sentenza. | José María Casas de Ron | Negativo |
| 15/13 | Lumar Natural Seafood, SA | Mediación | Mutuo acordo | Situación derivada do impago de salarios. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |
| 16/13 | Iberphone, SAU | Mediación | S.N. de CC.OO. de Galicia | Incumprimento do establecido no artigo 58 do convenio colectivo de aplicación relativo a prevención de riscos laborais. | Teresa Díaz López | Negativo |
| 17/13 | Astilleros y Varaderos Montenegro, SA | Mediación | Mutuo acordo | Diferenzas existentes en materia de aplicación do convenio colectivo, atrasos salariais e novas táboas salariais. | Ana Pouso Lijó | Positivo |
| 18/13 | FCC – Planta de Tratamento e Recollida de RSU da Mancomunidade do Barbanza | Mediación | Comité de empresa | Non aplicación dos disposto no artigo 4 (Prórroga) do convenio colectivo. | Ana Pouso Lijó | Negativo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|--|---|---------------------------|------------------|
| 19/13 | Bebidas Refrescantes Suárez, SL | Mediación | Federación de Industria e Traballadores Agrarios - UGT | Retraso no aboamento das pagas extras de xullo e Nadal, bolsa de vacacións e os meses de xaneiro e febreiro. | Teresa Díaz López | Positivo |
| 21/13 | Sector do Comercio de Alimentación da Provincia de Pontevedra | Mediación | Asociación de Maioristas de Alimentación de Pontevedra, ASAP, Fegacoin | Desbloquear a negociación do convenio colectivo. | Verónica Martínez Barbero | Positivo |
| 22/13 | CIG | Mediación | Mutuo acordo | Dirimir unha controversia en materia de xubilacións parciais e contrato de relevo. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |
| 26/13 | Corporación de Prácticos del Puerto y Ría de Vigo, SL | Arbitraje | Mutuo acordo | Discrepancias na negociación salarial para o convenio colectivo 2013-2014. | José María Casas de Ron | Positivo - Laudo |
| 27/13 | Boteros e Amarradores de Vigo, SL (Botamavi) | Arbitraje | Mutuo acordo | Diferenzas na negociación do convenio colectivo, nas materias relativas a salarios, xornada, fixos-discontinuos e modificación substancial das condicións de traballo. | José María Casas de Ron | Positivo - Laudo |
| 28/13 | Botamavi Servicios Generales Marítimos (Segem) | Arbitraje | Mutuo acordo | Diferenzas na negociación do convenio colectivo, nas materias relativas a determinación e valoración das horas extraordinarias e outras referidas a cuestións de carácter salarial. | José María Casas | Positivo - Laudo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|--------------------------------------|--|---------------------------|----------------|
| 29/13 | Protección y Vigilancia Galaica, SA | Mediación | USO | Falla de aboamento dos incrementos salariais previstos para o ano 2012 no convenio colectivo estatal das empresas de seguridade 2009-2012. | Teresa Díaz López | Positivo |
| 31/13 | SA de Xestión do Plan Xacobeo | Mediación | USO | Discrepancias xurdidas no relativo á aplicación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais de emprego público da CC.AA. Galicia aos traballadores da antedita empresa, cuxas relacións laborais réxense por un C. Colectivo de empresa propio. | | En tramitación |
| 32/13 | Sector de Industrias e Despachos de Panificación, Confeiterías, Pastelerías, Reposterías e Pratos Preparados da provincia de Pontevedra | Mediación | Federación Agroalimentaria de CC.OO. | Bloqueo na negociación do convenio colectivo de empresa. | Verónica Martínez Barbero | Positivo |
| 33/13 | Valoriza Servicios a la Dependencia, SL | Mediación | Mutuo acordo | Discrepancias en materia de organización de xornadas e quendas de traballo, compensación do traballo en días festivos, así coma a ampliación de xornadas a traballadores a tempo parcial. | Teresa Díaz López | Positivo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|--|--------------|---------------------------|---|-------------------------|----------------|
| 34/13 | Gais Gestión Deportiva Movexvial SL (UTE) | Mediación | UGT-Galicia | Interpretación de determinados puntos do acordo acadado no seo do AGA en data 4.11.11. | Teresa Díaz López | Positivo |
| 35/13 | Gestión Sanitaria Gallega, SL (Hospital Nosa Señora de Fátima) | Mediación | Mutuo acordo | Discrepancias en materia de condicións de traballo relativas, entre outras a, horario, xornada e réxime de gardas. | Carlos Domenech de Aspe | En tramitación |
| 36/13 | Concentra – Aldesa Servicios y Mantenimiento, SA | Mediación | CIG | Impago dun complemento permanencia e rendimento. | | Acordo previo |
| 40/13 | Novitec Consultores, SA | Mediación | S.N. de CC.OO. de Galicia | Discrepancias en materia de calendario laboral. | | Acordo previo |
| 41/13 | Fundación Camiña Social | Mediación | Mutuo acordo | Bloqueo na negociación do convenio colectivo de empresa. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |
| 42/13 | Sanjurjo Alonso, SLU, Farmacéutica Yebra, SL e Farmacéutica del Noroeste, SA | Mediación | Empresas | Procedemento de descolgue salarial do convenio colectivo estatal para o comercio de maioristas distribuidores de especialidades e produtos farmacéuticos. | José Vázquez Portomeñe | Positivo |
| 43/13 | Stolt Sea Farm, SA | Mediación | Comité de empresa | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. | Benigno Sánchez García | Positivo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|-------------------|---|--------------------------------------|------------------|
| 44/13 | Camino Santo, SL (Hotel Puerta del Camino) | Mediación | Comité de empresa | Substanciación dun expediente de regulación de emprego na antedita empresa. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |
| 46/13 | UTE Plantas de Transferencia Zonas I y II – Geseco e Daorge Medioambiente, SA | Arbitraje | Mutuo acordo | Reglamento e establecemento de determinadas condicións de traballo para os seus traballadores. | Teresa Díaz López | Positivo - Laudo |
| 47/13 | La Toja, SA | Mediación | Mutuo acordo | Discrepancias en materia de Comisión Paritaria, cuadrantes e negociación colectiva de 2013. | José María Casas e Verónica Martínez | Positivo |
| 49/13 | Veicar, SL | Mediación | Comité de empresa | Discrepancias existentes en materia de vixencia do convenio colectivo de aplicación. | | Acordo previo |
| 50/13 | Turgalicia, SA | Mediación | Comité de empresa | Discrepancias existentes en materia de xornada laboral de verán do persoal docente no Centro Superior de Hostalería de Galicia. | Teresa Díaz López | Positivo |
| 51/13 | Elaborados Metálicos Emesa, SA | Mediación | Comité de empresa | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. O mediador designado foi D. Benigno Sánchez García | Benigno Sánchez García | Positivo |
| 52/13 | Isolux Ingeniería, SA | Mediación | Comité de empresa | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. | | Acordo previo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|-------------------|--|--|------------------|
| 53/13 | Inergy Automotive System, SA | Arbitraxe | Comité de empresa | Discrepancias no sistema de toma e aplicación de tempos nos postos de traballo. | José María Casas de Ron | Positivo - Laudo |
| 57/13 | Componentes de Vehículos de Galicia, SA | Mediación | Mutuo acordo | Convocatoria dunha folga derivada do bloqueo na negociación do convenio colectivo. | Jose M ^e Casas de Ron | Positivo |
| 58/13 | Geriatros, SAU | Mediación | CIG | Minoración do aboado como paga extra en decembro de 2012. | Teresa Díaz López | Positivo |
| 60/13 | Astilleros y Varaderos Montenegro, SA | Mediación | Mutuo acordo | Atopar unha solución negociada ao conflito en materia de atrasos salariais, vacacións, organización do traballo e seguridade social. | Ana Pouso Lijó | Positivo |
| 61/13 | Limpiezas Pisuerga, SA Grupo Norte (Servizo de Limpeza do Hospital Meixoeiro de Vigo) | Arbitraxe | Mutuo acordo | Diferenzas de interpretación do artigo 19 e concordantes do vixente convenio colectivo de empresa sobre os días de libre disposición. | José María Casas de Ron | Positivo - Laudo |
| 62/13 | José Lantero e Hijos, SL | Arbitraxe | Comité de empresa | Convocatoria dunha folga polas medidas disciplinarias adoptadas nos seo da empresa. A mediadora designado foi D ^a . Rocío Mariño Debén. | Rocío Mariño Debén / Verónica Martínez Barbero | Positivo - Laudo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBJECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|--|---|---|------------------|
| 64/13 | Babcock Kommunal MBH y Técnicas Medi. Tecmed, SA UTE (Albada) | Mediación | Comité de empresa | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. | Teresa Díaz López | Negativo |
| 65/13 | Sector de Industrias Vinícolas ou Adegas, Comercio de Viño, Licoreiras e Viticultura nas Adegas de Pontevedra | Mediación | Mutuo acordo | Bloqueo na negociación do convenio colectivo de referido sector. | José María Casas de Ron / Verónica Martínez Barbero | Positivo |
| 66/13 | José Lantero e Hijos, SL | Arbitraje | Comité de empresa | Discrepancias de interpretación na aplicación do laudo arbitral ditado no expediente AGA 62/13. | Rocío Mariño Debén / Verónica Martínez Barbero | Positivo - Laudo |
| 67/13 | Club del Mar de San Amaro | Mediación | Sindicato Intercomarcal FeS-UGT A Coruña | Falta de acordo no referente a atrasos do convenio de instalacións deportivas. | | Desistimento |
| 68/13 | Cespa, SA (Recollida de lixo na Coruña) | Mediación | Comité de empresa | Convocatoria dunha folga na referida empresa. | Carlos Domenech de Aspe | Negativo |
| 69/13 | Bajamar Séptima, SA | Mediación | FITAG-UGT | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. | Carlos Domenech de Aspe | Negativo |
| 70/13 | Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) | Mediación | Delegados sindicais | Discrepancias en materia de aplicación de incrementos salariais para o ano 2012. | Benigno Sánchez García | Positivo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBXECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|--|---|---|------------------|
| 71/13 | Vestas Nacelles Spain, SAU | Mediación | Mutuo acordo | Bloqueo na negociación do convenio colectivo de empresa. | José Vázquez Portomeñe | En tramitación |
| 73/13 | Talleres Castmart, SL | Mediación | FNTCM UGT-Galicia | Discrepancias en materia de compensación dos excesos de xornada do ano en curso e a aplicación efectiva dunha serie de acordos acadados entre empresa e traballadores. | Teresa Díaz López | Positivo |
| 74/13 | Clece, SA (Servizo de Limpeza do Hospital Xeral-Cíes) | Arbitraje | Mutuo acordo | Convocatoria dunha folga. | José María Casas de Ron / Verónica Martínez Barbero | Positivo – Laudo |
| 76/13 | Universidade de Vigo (Persoal de Administración e Servizos) | Mediación | CIG, S.N. de CC.OO. de Galicia, CSI-CSIF | Interpretación e aplicación do disposto no artigo 2 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, , no que se refire ao recoñecemento do dereito dos afectados polo conflito a percibir as cantidades correspondentes ás pagas extras correspondentes aos servizos efectivamente prestados con carácter previo a entrada en vigor do referida norma. | José María Casas de Ron | En tramitación |
| 79/13 | Stolt Sea Farm, SA | Mediación | Comité de empresa | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. | Benigno Sánchez García | Negativo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBXECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|-------------------------------------|--|---------------------------|------------------|
| 81/13 | Construcciones Crespo, SA | Mediación | Mutuo acordo | Discrepancias nas materias de modificación substancial das condicións salariais por encima de convenio aplicada pola empresa, cantidades adebedadas por paga extra e atrasos de convenio, e comisión de seguimento de ERE. | Verónica Martínez Barbero | Positivo |
| 82/13 | Sector do Comercio de Alimentación da Provincia da Coruña | Mediación | UGT, S.N. de CC.OO. de Galicia, USO | Discrepancias na interpretación do artigo 18 do convenio colectivo ("Enfemidade, accidente e maternidade"). | Eva Fernández Pardo | Negativo |
| 83/13 | Severiano Servicio Móvil, SA | Mediación | Empresa | Bloqueo na negociación do convenio colectivo. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo |
| 84/13 | Veicar, SL | Arbitraje | Mutuo acordo | Clarificación da aplicabilidade das quendas de 24 horas na profesión de bombeiro. | Carlos Domenech de Aspe | Positivo - Laudo |
| 85/13 | Grupo Trolley, SL | Mediación | Delegados sindicais | Incumprimento do artigo 25 do convenio de limpeza de edificios e locais de Pontevedra. | Ana Pouso Lijó | Positivo |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBXECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|--|---|--------------------------------------|------------------|
| 87/13 | Transportes Sanitarios Pontevedra Norte, SL (Transa) | Arbitraxe | Mutuo acordo | Distribución e valoración do tempo de traballo, así como por unha serie de expedientes sancionadores incoados na antedita empresa. | José María Casas de Ron | Positivo - Laudo |
| 89/13 | Polipropileno de Galicia, SAU (Poligal) | Mediación | Comité de empresa | Inaplicación por parte da empresa da revisión salarial 2011-2012, e incumprimento de acordo acadado nun ERE, no relativo a amortización de emprego, actualización de salarios, plan de viabilidade e ámbito temporal do acordo. | Carlos Domenech de Aspe | Negativo |
| 90/13 | Sector de Industrias Vinícolas ou Adegas, Comercio de Viño, Licoreiras e Viticultura Adegas de Pontevedra | Arbitraxe | Mutuo acordo | Discrepancias en materia de condicións salariais e contractuais. O árbitro designado foi D. José M ^º . Casas de Ron. | José María Casas e Verónica Martínez | Positivo - Laudo |
| 91/13 | José Lantero e Hijos, SA | Mediación | Federación de Servizos á Cidadanía de CC.OO. | Bloqueo na negociación dun acordo de empresa. | Carlos Domenech | Negativo |
| 92/13 | Hostelería Unida, SA (Hotel Santiago Apóstol e Hotel Ciudad de Compostela) | Mediación | CIG | Incumprimento de parte do acordado no seo do AGA en 2012 en materia de pago de atrasos do Convenio de Hostalería. | Carlos Domenech de Aspe | En tramitación |

| EXPEDIENTE | EMPRESA | PROCEDEMENTO | PROMOCIÓN | OBXECTO | MEDIADOR/A | RESULTADO |
|------------|---|--------------|--------------|--|--|------------------|
| 93/13 | Conservas Antonio Alonso, SA | Arbitraje | Mutuo acordo | Bloqueo das negociacións no conflito existente na empresa, e a folga indefinida convocada. | José María Casas de Ron / Ana Pouso Lijó | Positivo - Laudo |
| 94/13 | Conservas Antonio Alonso, SA (Centro de traballo en Bueu) | Mediación | Mutuo acordo | Proceso de axuste de plantilla, con despedimento de seis traballadores | José María Casas de Ron / Ana Pouso Lijó | Positivo |

INCREMENTO DO NÚMERO DE EXPEDIENTES XESTIONADOS AO ABEIRO DO AGA

O número de expedientes de mediación e arbitraje xestionados en 2013 ascendeu a 94, polo que medra no contorno do 40% respecto ao 2012. Houbo un papel moi proactivo por parte do Consello de ofrecemento do AGA. As enquisas, respostadas

de xeito anónimo, seguen valorando o sistema de solución autónoma de conflitos laborais moi positivamente (o 94% valoran ao persoal do Consello cun bo ou moi bo) e a porcentaxe de acordos é certamente alto.

Sinatura do AGA



ADAPTACIÓN DO AGA ÁS ÚLTIMAS REFORMAS LABORAIS

A promulgación da Lei 35/2010 e do Real decreto lei 7/2011, do 10 de xuño, que introduce importantes novidades que afectan directamente aos contidos dos acordos interprofesionais sobre solución extraxudicial de conflitos, obrigou a revisar o texto do AGA e adaptar os procedementos de solución extraxudicial, que nel se recollen, ás previsións contidas na nova normativa, respectando sempre o principio de voluntariedade que o caracteriza.

Despois de varias xuntanzas da comisión paritaria do Acordo durante 2012, as organizacións asinantes do AGA consensuaron un texto que se asinaría en 2013.

Así, contéplase no novo texto do acordo a intervención do AGA nos conflitos derivados

de bloqueos ou discrepancias na negociación durante os períodos de consultas esixidos nos artigos 40.2, 41.4, 44.9, 47.1 e 2, 51.2 e 82.3 do Estatuto do traballadores; a substitución do período de consultas por unha mediación ou arbitraje acordada polo xuíz nos procedementos concursais; a actualización e adecuación a criterios de proporcionalidade e representatividade da composición da comisión de conciliación e mediación ou o impulso á promoción do procedemento por parte do propio servizo de solución de conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais, entre outras novidades que se introducen no texto.

O Acordo Interprofesional de reforma do AGA asinouse o **25 de marzo de 2013** na sede do Consello coa asistencia dos tres se-

Sinatura do AGA



cretarios xerais dos sindicatos máis representativos en Galicia e o Presidente da CEG, ademais da conselleira de Traballo e do director xeral de Traballo e Economía Social. O novo acordo, que mellora o AGA e o adecua á reforma laboral publicouse no DOG o 24 de maio de 2013.

Unha vez máis, a CEG e as organizacións sindicais UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG asumen a iniciativa e a responsabilidade de dotar a Galicia e ao noso sistema de relacións laborais dun reformado acordo de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, mellorado e modernizado.

O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

ESTRUTURA DA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA
EN GALICIA

PARTICIPACIÓN
DO CONSELLO NA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN
COLECTIVA

ESTRUTURA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

Dando cumprimento ao mandato da Lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma Galega.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2013, así como dos que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais de atender ás solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, consultas que se incrementaron considerablemente a raíz da posta en marcha da páxina web, continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de negociación colectiva (Necol), e fixéronse os seguintes informes detallados sobre a materia:

- “Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2013 / 31.12.2013”. Este informe está aínda en proceso de elaboración e contén unha análise do acontecido na negociación colectiva en Galicia no ano 2013.
- “Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2012 / 31.12.2012”.
- Continuación do estudo sobre o número de traballadores/as afectados por convenios colectivos de sector en Galicia coa adaptación á CNAE 2009.

Ademais, ao longo do ano elaboráronse informes puntuais para informar ao Pleno e Comisión Permanente da situación da negociación colectiva.

Mesa negociadora do convenio de Hostalaría da provincia da Coruña



No ámbito da ultraactividade dos convenios colectivos foi un ano especialmente intenso e condicionado polo cambio regulatorio nesta materia. O Consello fixo un completo seguimento dos convenios colectivos con vixencia rematada, facilitando datos e información en todas as variables vinculadas coa ultraactividade. Toda canta información saíu sobre esta materia partiu dos datos do Consello, ben tratados e ben enfocados de momento en canto a pactos en contra e interpretación da norma. O tema foi obxecto de análise por parte das profesoras de Dereito de Traballo da USC, Consuelo Ferreiro e Carolina Martínez.

Continuouse coa publicación trimestral do Boletín do “Observatorio da negociación colectiva”, no que se analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva e do que se realizaron catro números neste ano 2013. O dito Boletín, ao igual que os informes sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, poden consul-

tarse na páxina web do organismo: <http://cgri.xunta.es>

A data 30 de novembro de 2013 hai en Galicia un total de 161 convenios colectivos asinados, que afectan a 220.058 persoas traballadoras, dos que 123 son de empresa e 38 de sector. Respecto aos 13 convenios colectivos revisados, 9 convenios foron de empresa e 4 de sector, que afectan a 26.225 persoas traballadoras. A media ponderada do incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados foi do 0,63%, fronte ao 1,51 no mesmo período do 2012. A media ponderada da xornada pactada segue moi alta e sitúase en 1.769,58 horas/ano. Un 34,16% de convenios colectivos asinados teñen cláusula de inaplicación e un 66,46% conteñen pacto de ultraactividade. Finalmente, o número de convenios colectivos negociados por primeira vez en 2013 é de 21, que afectan a 603 persoas traballadoras.

PARTICIPACIÓN DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

MESAS NEGOCIADORAS E COMISIÓNS PARITARIAS

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, consagrado no artigo 37.1º da Constitución, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva en todos os ámbitos en que as partes interesadas o desexen e, moi especialmente, en sectores desregularizados, potenciou, asesorou e prestou asistencia técnica a cantas comisións negociadoras e comisións paritarias o solicitaron. A **presenza do Consello**

en mesas de negociación foi alta, mesmo moi alta. Houbo 97 xuntanzas negociadoras de convenios nas nosas instalacións e 16 fora, tamén coa asistencia de persoal do Consello.

No exercicio desta función de asistencia, o Consello apoiou tecnicamente o desenvolvemento de diversas mesas de negociación e comisións paritarias de diferentes convenios colectivos autonómicos: transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia; axuda a domicilio; instalacións deportivas e ximnasios; empresas organizadoras do xogo do bingo; eventos, servizos e producións culturais; residencias privadas da terceira idade; actores e actrices de teatro; hostalaría da provincia da Coruña; pompas fúnebres; centros especiais de emprego; dobraxe; guindastres móbiles autopropulsados de Ga-

licia; parques de bombeiros de xestión indirecta de Galicia; comercio vario da provincia da Coruña; persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo; PAS da Universidade de Santiago de Compostela (USC); PAS da Universidade da Coruña; persoal docente investigador (PDI) das tres universidades galegas; limpeza do Centro Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS); e fabricantes de mobles, carpintaría, tapizaría e ebanistería da provincia de Ourense.

Destácase a sinatura, entre outros acordos, dos convenios do sector de ambulancias, instalacións deportivas, residencias privadas da terceira idade e hostalaría da provincia da Coruña.

Tamén se resolveron 45 consultas formuladas por escrito e, deuse resposta telefónica a centenaes de dúbidas, sobre todo vencelladas co tema da ultraactividade

REGISTRO TELEMÁTICO DE CONVENIOS COLECTIVOS (REGCON)

Desde o Consello continúaase coa tarefa de inscrición telemática dos convenios e acordos colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia todo isto por delegación dos suxeitos lexitimados para levar a cabo a solicitude de rexistro, depósito e publicación de convenios.

No ano 2013, no REGCON fixéronse os trámites de rexistro telemático de 57 acordos: 27 convenios colectivos, 11 revisións salariais, 9 laudos arbitrais, 4 acordos de comisión paritaria e derivados de convenios, 1 denuncia, 2 acordos de empresa para o seu depósito, 1 pronunciamento do tribunal, unha inaplicación de convenio e un acordo interprofesional (o da reforma do AGA); todo isto por delegación dos suxeitos lexitimados para levar a cabo a solicitude de rexistro, depósito e publicación de convenios.

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A intervención do Consello no día a día da negociación colectiva galega ten este ano 2013 unha importancia capital. As organizacións sindicais e empresarial que integran o Observatorio Galego da Negociación Colectiva teñen en conta que esta materia é o instrumento esencial para autorregular as condicións de traballo que teñen as empresas e as persoas traballadoras, polo que a tarefa de promoción e impulso da negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, centra este ano o traballo deste órgano colexiado.

As reformas laborais levadas a cabo polo Real decreto lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva, polo Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro e posterior-

mente, pola Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral modifican substancialmente o modelo existente de negociación colectiva. Os cambios introducidos por estas reformas e a gravidade da crise económica actual fan máis necesario que nunca o traballo do observatorio.

Durante o ano 2013 este órgano colexiado celebrou nove xuntanzas, nas que foron desenvolvéndose as seguintes liñas de actuación:

1. Elaborar unha recomendación a prol da negociación colectiva sectorial como instrumento de cohesión social, homoxeneización de condicións socioeconómicas e unidade de mercado, respectando en todo caso o ámbito negocial da empresa e a autonomía das partes. Tráballouse nesta recomendación ao longo de todo o ano 2013 e, finalmen-

- te, presentouse para consensuar o texto que figura publicado xa na páxina web do Consello e que se transcribe na seguinte páxina.
2. Elaborar un estudo sobre a ultraactividade nos convenios de sector, provinciais e autonómicos, existentes en Galicia, no que se detallaría a denominación de cada convenio, o seu código, a data de inicio e de fin, se foi ou non denunciado e por quen, se contén cláusula de vixencia e/ou de denuncia, a situación actual na que se atopa o convenio e se existe ou non un convenio de ámbito superior.
 3. Guía útil da negociación colectiva galega: Valorárase a posibilidade de publicar unha pequena guía na que se facilite información ás consultas que se reciben no Consello, e traballar catro puntos:
 - a) O proceso negociador
 - b) Contido da negociación colectiva. Contido mínimo esixido polo Estatuto dos Traballadores
 - c) Cadro ou táboa de equivalencias, coas remisións que fai o ET á negociación colectiva.
 - d) Preguntas máis frecuentes.
 4. Traballar nun acordo marco sobre a estrutura da negociación colectiva ou materias e contidos concretos, aproveitando as posibilidades da reforma para chegar a acordos con maior facilidade.
 5. Identificar baleiros na negociación colectiva galega e sectores emerxentes nos que se puidera impulsar procesos de negociación e ver a posibilidade de asinar un acordo marco de cobertura de baleiros en catro temas: estrutura profesional, promoción profesional, estrutura salarial e réxime disciplinario.
 6. Consulta do convenio colectivo aplicable: Dase conta das solicitudes recibidas e das respostas emitidas ás empresas interesadas.
 7. Enviar de oficio ás mesas negociadoras un ofrecemento de axuda do Consello Galego de Relacións Laborais para negociar o novo convenio colectivo cando se denuncie o convenio existente.
 8. Seguir insistindo ante a Consellería de Traballo da Xunta de Galicia para que se presente un texto para consensuar polas organizacións sobre a creación en Galicia do órgano equivalente á Comisión Consultiva Nacional de Convenios Colectivos (CCNCC). Durante 2013 remitíronse dúas comunicacións manifestando o interese do Consello por asumir as funcións da CCNCC e asistiu a unha xuntanza o Director xeral de Traballo e Economía Social.
- Polo seu interese, reproducense a continuación os aspectos máis destacados na actividade do Observatorio:
- Informe sobre o estado da ultraactividade da negociación colectiva sectorial en Galicia:**
- Despois do 7 de xullo de 2013, continuarán vixentes 78 convenios, dos que:
- a) 16 teñen unha vixencia expresa ata o 31 de decembro de 2013 ou posterior, dos cales 6 non recollen pacto en contrario para caso de denuncia.
 - b) 16 dos 78 permanecen vixentes porque non foron denunciados, pero non recollen pacto en contrario para o caso de denuncia.
 - c) 21 dos 78 permanecen vixentes porque non foron denunciados pero ademais recollen pacto en contrario para o caso de denuncia.
 - d) 2 dos 78 indican límites para a prórroga no caso de denuncia.
 - e) 23 dos 78 foron denunciados pero recollen pacto en contrario para este caso.
- Durante 2013, 44 convenios rematarán a súa vixencia,, dos que:
- a) 7 dos 44 foron denunciados con posterioridade ao 08/07/2012 e non

recollen pacto en contrario, polo que rematará a súa vixencia nun ano desde a denuncia.

b) 32 dos 44 foron denunciados antes da entrada en vigor da Lei 3/2012 e non recollen pacto en contrario, polo que a súa vixencia rematará o 07/07/2013.

c) 5 dos 44 recollen cláusulas que establecen a prórroga do convenio.

O tema da ultraactividade dos convenios colectivos foi obxecto de numerosas dúbidas, polo que o Consello solicitou informes ás profesoras de Dereito de Traballo, Consuelo Ferreiro Regueiro e Carolina Martínez Moreno que fixeron unha análise do tema.

Recomendación a prol da negociación colectiva:

A negociación colectiva constitúe un dos principais elementos vertebradores das relacións laborais dun país. O dinamismo e o correcto funcionamento dos procesos negociadores de convenios colectivos amósanse como capitais en tempos de crise e incerteza económica, de destrución de empresas e postos de traballo e cara a xerar as certidumes e estabilidade necesarias para unha recuperación económica.

Esta negociación colectiva parte dun principio esencial: a autonomía dos representantes das empresas e das persoas traballadoras á hora de definir o marco convencional regulador, o seu contido e alcance.

Unha das funcións esenciais do Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo coa súa normativa reguladora, é a de: “fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución Española, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial”. De acordo con esta función, unha vez analizada en profundidade a situación real da negociación colectiva galega, e plenamente conscientes da súa importancia as organizacións integrantes do Consello Galego de Relacións Laborais (CEG, UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG), formulan a seguinte recomendación:

1. Galicia conta con 857 convenios colectivos vixentes expresa ou tacitamente, que afectan 422.935 persoas traballadoras. Esta cifra de convenios é moi elevada en comparación con outras comunidades autónomas, sendo unha das características que se extraen dunha foto fixa. Do mesmo xeito, obsérvase que existen amplas posibilidades nos convenios colectivos de afondar e innovar en materias que terían unha gran importancia para empresas e persoas traballadoras, para o crecemento, competitividade, produtividade, e mantemento da estabilidade no emprego.

Compre apostar pola potenciación e racionalización da estrutura da negociación colectiva, pola posta en funcionamento de mecanismos de articulación entre os distintos niveis de negociación que eviten duplicidades innecesarias e pola mellora e enriquecemento de contidos que aporten valor engadido a intereses comúns de empresas e persoas traballadoras.

2. A pesares do número tan elevado de convenios en Galicia, aínda existen colectivos importantes de persoas traballadoras e empresas sen convenios colectivos de aplicación, ben sexa por tratarse de sectores emerxentes ou ben simplemente por atoparse desregulados. De acordo cos datos extraídos do IGE e da Seguridade Social, no entorno de 120.000 persoas traballadoras carecen da cobertura dun convenio colectivo. **A estes efectos, o Observatorio da Negociación Colectiva desenvolverá unha tarefa de estudo e identificación de sectores e subsectores en crecemento ou de recente creación e dos sectores carentes de regulación convencional co obxectivo de fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto á autonomía das unidades negociadoras.**

3. Unha negociación colectiva forte, cohesionada e ben articulada é un elemento regulador de condicións de traballo de primeiro orde e un elemento de paz social e competitividade, vantaxoso para empresas e persoas traballadoras. É froito da autonomía da vontade das partes, correspondéndolle a estas, conforme ao artigo 37 da CE, determinar as regras do xogo e os espazos de negociación derivados da súa autonomía colectiva. **Ofré-**

cense os mecanismos do AGA e os medios técnicos do Consello Galego de Relacións Laborais para axudar a resolver calquera incidencia que se puidera producir.

4. A negociación colectiva constitúe, entre outras posibilidades, un instrumento para adaptar a regulación das condicións laborais á concreta situación das empresas e dos sectores. Sen prexuízo da autonomía dos suxeitos negociadores e das previsións legais en caso de concorrencia de convenios (art.84 do Estatuto do Traballadores), e sen prexuízo asemade da negociación consolidada en empresas de certa entidade, debe poñerse en valor o convenio colectivo en cada caso máis próximo á realidade das nosas empresas, sendo en moitos casos o sectorial o máis próximo a elas, debido á estrutura e dimensión do tecido produtivo da nosa comunidade autónoma. **As organizacións sindicais e empresariais que integran o Consello Galego de Relacións Laborais, conveñen en reafirmar que a negociación colectiva debe ser un instrumento para adaptar as condicións laborais ás concretas circunstancias das empresas e persoas traballadoras, sendo o convenio colectivo sectorial, sen prexuízo doutras unidades negociais, un dos instrumentos mais axeitados para articular a negociación colectiva, mellorar a competitividade, a produtividade así como o mantemento e estabilidade do emprego, regular as características xerais e favorecer a súa concreción á realidade das empresas.**

5. O Consello Galego de Relacións Laborais, reitera o ofrecemento dos seus servizos para o desenvolvemento da negociación colectiva sectorial. Así, facilitanse ás partes negociadoras as instalacións do Consello a través da súa páxina web, préstase a asistencia e o asesoramento que se lle solicite, asúmense os trámites de rexistro, depósito e publicación telemáticos, redáctanse actas das xuntanzas, e tamén se ofrecen os mecanismos de mediación e arbitraxe previstos no AGA para resolver calquera bloqueo na negociación ou para posibilitar a constitución de mesas negociadoras.

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

No ano 2009 constitúese no seo do Consello a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, cunha finalidade moi clara: o asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

Ao longo do ano 2013 a comisión reuniuse en cinco ocasións, baixo a presidencia da secretaria xeral do Consello, Marisa Peña Cebreiro. Asistiu ás xuntanzas como secretaria a funcionaria do Consello Tina Campo Fernández.

Xuntanza do 30 de xaneiro. Esta primeira xuntanza tivo por obxecto a planificación das actividades para 2013. Apróbase a realización dunha xornada en materia de igualdade, continuar traballando na análise sobre os plans de igualdade en Galicia, solicitar unha reunión coa secretaria xeral de Igualdade e outra coa xefa da Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar. Igualmente, propónse ao observatorio da negociación colectiva a inclusión no boletín trimestral de indicadores en materia de xénero, por exemplo, número de mulleres negociadoras de convenios, número de convenios con cláusulas sobre plans de igualdade, etc.

Xuntanza do 13 de marzo. Débate sobre a forma na que se vai realizar a análise dos plans de igualdade. Preséntase un documento que recolle a historia e evolución da comisión de igualdade que se remitirá á Secretaría Xeral de Igualdade e á xefa da Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar, previamente ás xuntanzas que terán lugar con elas.

Xuntanza do 2 de maio. Preséntase un avance do estudo que analiza os plans de igualdade das seis empresas consensuadas pola comisión, representativas dos distintos sectores económicos máis importantes en Galicia, que toma como base para a com-



Comisión de igualdade

paración o Manual para a elaboración de plans de igualdade do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Decídese que na reunión coa secretaria xeral de Igualdade presentárase a comisión e analizaranse as tarefas nas que poden ter unha colaboración conxunta e o grao de desenvolvemento da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Xuntanza do 11 de xullo. Acórdase trasladar ás empresas obxecto de estudo os resultados das análises dos seus plans de igualdade e suxerirlles que completen, modifiquen ou actualicen os datos que figuran no estudo do plan, por se existise documentación que non foi tida en conta no momento de realizar as ditas análises.

Acórdase que a xornada en materia de igualdade terá lugar o día 30 de outubro de 2013, no Museo Pedagóxico de Galicia, coas seguintes mesas de debate: O papel da Inspección de Traballo no ámbito da igualdade e dos plans de igualdade; a prevención da saúde desde a perspectiva de xénero e a Marca Galega de Excelencia pola Igualdade.

Xuntanza do 9 de outubro. Dase conta da documentación achegada polas empresas,

cuo plan de igualdade foi obxecto de estudo e acórdase que as organizacións que integran a comisión analicen a dita documentación e que se realice unha posta en común na vindeira xuntanza. Igualmente, acórdase solicitar á Secretaría Xeral de Igualdade información sobre os cursos de formación on line que ofrece e se terían acceso a eles as persoas dos cadros empresariais e sindicais que toman parte na negociación dos convenios colectivos.

Xuntanza coa secretaria xeral de Igualdade. O día 11 de xullo acude ás instalacións do Consello a secretaria xeral de Igualdade para unha xuntanza coas organizacións que integran a comisión, co obxecto de coñecer o traballo desta e presentar o que fai a secretaria para poder concretar aspectos nos que podería establecerse unha colaboración conxunta para o desenvolvemento da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Coinciden todas as partes en que hai que potenciar a formación para orientar ás mesas negociadoras de convenios colectivos e erradicar as discriminacións das mulleres nas empresas e que unha boa xestión en materia de igualdade é sensibilizar a través da información. A secretaria xeral de Igualdade agradece todos os comentarios e ofrece a

colaboración do seu departamento, sobre todo a nivel de formación porque considera que é a base para a igualdade. Incide en que hai que sensibilizar a todo o mundo respecto da igualdade e ofrece o persoal formativo da Secretaría Xeral para todo tipo de cursos e xornadas que realice a comisión.

CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS

**XXIII CURSO SUPERIOR DE
RELACIÓNS LABORAIS**

**XORNADAS SOBRE A
REFORMA LABORAL E DA
SEGURIDADE SOCIAL**

OUTRAS XORNADAS

**SEMINARIOS PARA CADROS
DAS ORGANIZACIÓNS
EMPRESARIAIS E SINDICAIS**

XXIII CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS

Unha vez máis, o presidente do Consello e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) asinaron un novo convenio de colaboración entre ambas institucións que ten por obxecto a realización da vixésimo terceira edición do Curso Superior de Relacións Laborais.

Ao acto de inauguración, celebrado na Sala de Xuntas da Facultade de Dereito da USC o 11 de xaneiro, asistiron o presidente do Consello Demetrio Fernández López; o reitor da USC Juan J. Casares Long; a secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar Cristina Ortiz Dorda e o director do curso Javier Gárate Castro. Os catedráticos de Dereito do Traballo e da Seguridade Social Luis Enrique de la Villa Gil e Juan García Blasco impartiron as leccións inaugurais do curso.



Inauguración do Curso Superior de Relacións Laborais

A estruturación do curso fíxose en módulos, cun total de 206 horas, nos que se trataron os seguintes temas: política e xestión integrada dos recursos humanos; relación individual de traballo; relacións colectivas

Inauguración CSRL





Clausura

de traballo; dereito administrativo do traballo, saúde laboral e dereito penal do traballo; seguridade social; e dereito social da Unión Europea.

Dentro da actividade do curso desenvolveuse un taller de negociación colectiva e outro de igualdade e negociación colectiva; visitáronse ademais ás instalacións de empresas significativas da comunidade autónoma.

A participación institucional do Consello consistiu nunha mesa redonda na que participaron representantes das organizacións empresarial e sindicais que integran o organismo.

Esta edición realizouse, como ven sendo habitual, na Facultade de Dereito da USC e a ela asistiron 39 persoas. O seu director foi o catedrático de Dereito do Traballo da USC, Javier Gárate Castro. A coordinación técnica lévaa a cabo a funcionaria do Consello M^a

Jesús Díaz Lorenzana, en calidade de secretaria técnica.

O acto de clausura tivo lugar o 11 de xullo no salón de graos da Facultade de Dereito. M^a Emilia Casas Baamonde, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade Complutense de Madrid, deu a lección de clausura, titulada “Mediación e arbitraje na reforma laboral”. No acto tamén interviñeron o presidente do Consello Demetrio Fernández López; Fernando Acuña Rúa, membro do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais en representación da CIG; Xesús Castro Baamonde, membro do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais en representación do S.N. De CC.OO.; José Domingo Barros Montáns, membro do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais en representación da UGT-Galicia; José Neira Cortés, membro do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais en representación da CEG; M^a Jesús Lorenzana Somoza, secretaria xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar; e Lourdes Noya Ferreiro, secretaria Xeral da USC.

XORNADAS SOBRE A REFORMA LABORAL E DA SEGURIDADE SOCIAL

O Consello acordou a realización en 2013 dunha serie de xornadas sobre os cambios producidos no eido laboral (contratación, flexibilidade, ultraactividade dos convenios colectivos ou despedimentos) tras un ano da entrada en vigor da última reforma laboral, así como sobre as modificacións introducidas en materia de xubilación polo Rd lexislativo 5/2013.

As xornadas contaron coa colaboración dos colexios oficiais de graduados sociais de Galicia, da Escola Universitaria de Relacións

Laborais de Lugo e a Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña. A xornada sobre novidades procesuais, realizada en Santiago de Compostela, é froito da frutífera relación entre o Consello e o Consello Xeral do Poder Xudicial.

Actividade:

Novidades procesuais e laborais logo das últimas reformas

Lugar e data: Santiago de Compostela, 8 de abril de 2013

Nº de participantes: 44



Actividade:

As últimas mudanzas e anovas laborais e de seguridade social

Lugar e data: Pontevedra, 23 de abril de 2013

Nº de participantes: 88

Actividade:

Mudas e remudas laborais e de seguridade social

Lugar e data: Ourense, 26 de abril de 2013

Nº de participantes: 51



Actividade:

As últimas mudas laborais e de seguridade social

Lugar e data: Lugo, 7 de maio de 2013

Nº de participantes: 102

Actividade:

As últimas mudas laborais e de seguridade social

Lugar e data: A Coruña, 10 de maio de 2013

Nº de participantes: 106





Actividade:

A ultraactividade dos convenios colectivos a debate: análise do efecto 8 de xullo

Lugar e data: Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2013

Nº de participantes: 36

Actividade:

Últimas reformas laborais e de seguridade social

Lugar e data: Ferrol, 20 de novembro de 2013

Nº de participantes: 111



Actividade:

Cambios na seguridade social e emprego xuvenil

Lugar e data: Vigo, 28 de novembro

Nº de participantes: 118

O Consello Galego de Relacións Laborais, a Universidade de Vigo, materializada no departamento de Dereito do Traballo desa Universidade, e o Consorcio da Zona Franca de Vigo organizan esta xornada co obxecto de analizar en detalle os cambios introducidos no tratamento normativo da xubilación e no emprego xuvenil, ás medidas de incentivo do autoemprego, da reforma da prestación por desemprego, da contratación temporal e o establecemento de especialidades para os primeiros contratos de traballo da xente nova.

OUTRAS XORNADAS

Actividade:

Avanzando en igualdade

Lugar e data: Santiago de Compostela, 30 de outubro

Nº de participantes: 70

O Consello, á proposta da Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, acordou a realización desta xornada co obxectivo de analizar algunhas actuacións que permiten avanzar en igualdade.

Nesta xornada analízanse e debátense cuestións como os criterios técnicos, as campañas e as instrucións en materia de igualdade realizados pola Inspección de traballo, as actuacións que leva a cabo o ISSGA en materia de prevención da saúde dende unha perspectiva de xénero ou as actuacións que deben facer as empresas para conseguir a cualificación de marca galega de excelencia en igualdade.

Xornada “Avanzando en igualdade”



SEMINARIOS PARA CADROS DAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS E SINDICAIS

O Pleno do Consello considera necesario contribuír á formación técnica e á especialización dos cadros das organizacións sindicais e empresariais, tanto no que se refire á negociación colectiva como en referencia a outros temas que as propias organizacións consideren de interese nun momento concreto.

En 2013 realizouse un seminario sobre Prácticas óptimas para unha negociación laboral, co obxectivo de facilitar ás persoas participantes o coñecemento de ferramentas útiles e dotalas das técnicas e das estratexias necesarias para promover unha negociación eficaz na mediación de conflitos

laborais. A relatora, Thelma Butts Griggs, Juris Doctor licenciada en Dereito pola Ohio State University traballa no ámbito da resolución de conflitos e na actualidade colabora con universidades, asociacións e organismos públicos e colexios profesionais de avogados, graduados sociais e psicólogos, no deseño de programas, na docencia sobre resolución de conflitos e no adestramento de mediadores.

O seminario tivo lugar en Santiago de Compostela os días 19 e 20 de xuño e nel participaron 17 persoas, designadas polas organizacións sindicais e pola CEG.

Seminario formativo. Entrega de diplomas.



**25 ANIVERSARIO
DA CREACIÓN DO
CONSELLO GALEGO DE
RELACIÓNS LABORAIS**



25 ANIVERSARIO DA CREACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Co motivo dos 25 anos da creación do Consello Galego de Relacións Laborais, o Pleno acorda a organización dun acto conmemorativo desta efeméride para tratar de poñer en valor o traballo do organismo na senda da concertación, xustiza e paz sociais en Galicia.

Acórdase tamén a elaboración dunha publicación que recolla as reflexións dunha representación das persoas protagonistas do eido laboral galego sobre o seu parecer acerca do organismo, do seu papel e dos retos de futuro.

Finalmente o número de persoas a intervir na publicación reduciuse a 50 colaboracións: persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, persoas que foron e son titulares da secretaria xeral das organizacións sindicais mais representativas de Galicia, da presidencia e da secretaría xeral da CEG, persoas representantes da xudicatura na orde social, da Consellería de Traballo, da Inspección de Traballo, das catro escolas de Relacións Laborais existentes en Galicia, dos tres colexios de Graduados Sociais, da cátedra dos departamentos de Dereito do Traballo das tres universidades Galegas, as persoas que pasaron pola presidencia do Consello ao longo destes 25 anos, partes negociadoras de convenios colectivos e persoas que acuden aos procedementos de mediación e arbitraje que o Consello xestiona ao abeiro do AGA ou mesmo persoas que traballaron no organismo e seguen a facelo

e outras que participaron no Curso Superior de Relacións Laborais, aportan a súa reflexión acerca do Consello Galego de Relacións Laborais na referida publicación. Esta recollerá, ademais das intervencións, unha selección de imaxes representativas da actividade do organismo neses 25 anos.

A xornada aniversario realizouse o día 12 de decembro no Auditorio da Biblioteca de Galicia, na cidade da Cultura en Santiago de Compostela e contou coa presenza de 150 persoas representativas de todos os colectivos protagonistas das relacións laborais. Organizáronse dúas mesas redondas, a primeira delas a cargo do director territorial da Inspección de Traballo, Carlos Doménech de Aspe, dun maxistrado da sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Emilio Fernández de Mata e dun catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC, Javier Gárate Castro, que foron moderados polo director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá



Clausura da xornada aniversario



Asistentes ao acto do 25 aniversario

Rodríguez, que faloron do papel do Consello nestes 25 anos.

A segunda mesa redonda xirou acerca das perspectivas de futuro das relacións laborais en Galicia. Estivo a cargo dos secretarios xerais das organizacións sindicais UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e a CIG, Xosé Antonio Gómez Gómez, Xosé Manuel Sánchez Aguión e Xesús Eladio Seixo Fernández, respectivamente e do vicepresidente da CEG, Luis Novoa Díaz, moderados polo presidente do organismo, Demetrio Fernández López.

Clausurou a xornada a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, quen



Mesa redonda: O papel do Consello nos 25 anos desde a súa creación

felicitou ao Consello por estes 25 anos e puxo en valor o seu traballo.

O presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, na súa intervención, destacou a utilidade e o papel que está a xogar o Consello Galego de Relacións Laborais na modernización e mellora do eido laboral galego grazas á implicación sen matices de sindicatos e empresas e grazas ao traballo excepcional dun cadro de persoal brillante e identificado co organismo. Fixo referencia ás moitas cousas feitas nestes primeiros 25 anos, pero son moitas mais as que lle quedan por facer. O mundo do traballo está en continua evolución e cambio e o Consello ten que avanzar acorde con eses cambios, sempre co consenso e a participación de sindicatos e organizacións empresariais, como ten que ser nun organismo que se concibe como casa común dos axentes sociais e que depende da implicación deles para o seu funcionamento. As actuacións que o Consello poña en marcha deberán de ser sempre de común acordo e nos termos que sexan quen de acordar os sindicatos mais representativos de Galicia e a CEG.

PUBLICACIONES PERIÓDICAS E ESTUDOS

**INFORME ANUAL SOBRE A
SITUACIÓN SOCIOLABORAL
DE GALICIA**

**INFORME ANUAL
SOBRE A SITUACIÓN DA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA
EN GALICIA**

**BOLETÍN DE NEGOCIACIÓN
COLECTIVA**

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA EN 2012

Cumprindo o mandato previsto na súa lei reguladora o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se ven publicando dende hai vinte e un anos.

O Pleno do Consello, na súa primeira xuntanza do ano, aprobou a elaboración do Informe 2012, e conta para iso co equipo habitual: Francisco Carballal Lugrís, letrado da Xunta de Galicia; Carlos Domenech de Aspe, inspector de Traballo e Seguridade Social; Marta Puebla Vilariño, funcionaria do Sepe (Servizo Público de Emprego Estatal); Manuel Roca Cendán, catedrático de Tecnoloxía Administrativa; e Francisco Veloso Cermeño, interventor da Seguridade Social. Carmen Cabanas Carlín, funcionaria do Consello, elaborou o capítulo sobre a negociación colectiva galega e Ignacio Bouzada Gil e María José Pérez Señarís, tamén funcionarios do organismo, encargáronse da coordinación técnica e informática. A súa publicación aprobouse na sesión plenaria do 25 de outubro.

O informe estrutúrase en catorce capítulos e un anexo, distribuídos da seguinte maneira:

1. A economía galega no ano 2012
2. Estrutura empresarial e política industrial
3. Economía social
4. Poboación e mercado de traballo

5. A muller no mundo laboral
6. Inicio da relación laboral
7. Contratación
8. O subsistema de formación profesional para o emprego
9. A negociación colectiva
10. A sinistralidade laboral
11. Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo
12. A regulación de emprego e o Fondo de Garantía Salarial
13. Protección social
14. Elección sindicais

O anexo céntrase, de xeito puramente estatístico, en emprego e investimento público.

O Informe finaliza coas **conclusións** do equipo autor, que reproducimos a continuación, xa que resumen o máis salientable da situación sociolaboral galega en 2012:

Primeira.- O PIB de Galicia baixou en 2012 un 1,2% segundo o IGE. Na media estatal a diminución foi dun 1,4% e na UE-27 dun 0,3%.

O PIB por habitante en Galicia no ano 2012 foi un 91% da media española, tras a subida de 2,8 puntos porcentuais no último bienio.

Segunda.- No comercio internacional, por quinto ano consecutivo, o valor das exportacións de Galicia superou ao das importacións. A participación relativa de Galicia en España nas importacións é parella da nosa poboación (5,8%) e nas exportacións é dun 7,4%.

No que se refire ao comercio intraestatal, Galicia quedou no ano 2012 cun déficit de 3.822 millóns de euros.

Terceira.- A taxa de inflación de Galicia en 2012 (2,6%) quedou tres décimas por baixo da media española. Os grupos de medicina e aluguer de vivenda foron os de maiores subas porcentuais dos prezos en Galicia.

Cuarta.- De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE, se ben decreceu por cuarto ano consecutivo o número de empresas nas catro provincias galegas, o fai en menor medida que o conxunto estatal. As empresas galegas diminúen ao inicio de 2012 en 2.024 –cun decaemento do 1,02% con respecto ao ano anterior– representando o 6,07% do total estatal, das que ao redor da metade non teñen persoas asalariadas. Tamén se deu unha diminución no número total de traballadores autónomos de 3.000 persoas traballadoras.

Quinta.- O gasto en I+D de Galicia supón para o ano 2011 (último dato dispoñible) o 0,91% do PIB, cinco centésimas menos ao do ano anterior e lonxe da media estatal española (1,33) que diminúe anualmente en seis centésimas.

Sexta.- Galicia conta con 60 novas sociedades laborais inscritas no ano 2012. Delas, son persoas socias traballadoras 228, e persoas socias capitalistas 35. Estes datos mostran unha liña ascendente en número de sociedades e do número de traballadores respecto aos do exercicio anterior.

Así, no que se refire a sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e persoas socias iniciais das mesmas, o cadro 3.1 móstranos a existencia de 60 sociedades desta natureza en Galicia (48 no ano 2011), o que supón un crecemento no número de sociedades que vai parello dun crecemento do número de socios ata os 263 (157 no 2011) dos que son persoas socias traballadoras 228 (174 homes e 54 mulleres). No ano 2011, as persoas socias traballadoras eran 127 (95 homes e 32 mulleres). No que se refire a persoas socias capitalistas, son 35 (21 homes e 14 mulleres) e no ano 2011 eran 30 (17 homes e 13 mulleres). Estes datos amosan unha liña ascendente tanto en número de sociedades como en número de persoas traballadoras respecto do exercicio anterior.

Galicia sube do noveno ao quinto lugar a nivel nacional, respecto ao número de sociedades laborais e persoas traballadoras, que representa un 17% das sociedades laborais en España. As provincias cun maior número de sociedades e persoas socias son A Coruña (26 sociedades laborais rexistradas e 142 persoas socias respectivamente) e Pontevedra (15 e 45).

Sétima.- A diminución do emprego en Galicia no ano 2012 (4,4%) foi algo menor que na media estatal (4,8%).

A taxa de ocupación da poboación galega entre 16 e 64 anos (57,8%) superou en 2,3 puntos porcentuais á estatal, pero quedou moi por baixo da que rexistrou a UE (64,6%)

Oitava.- A poboación desempregada subiu en 2012 un 15,4% en Galicia e un 13,1% no conxunto do Estado.

A taxa de desemprego galega (21,5%) está 4,7 puntos porcentuais por baixo da española.

Novena.- Os datos do paro rexistrado reflicten un incremento do 7,96%. No conxunto de España, a suba producida foi do 9,64%.

A taxa de paro rexistrado acada o 21,25% en 2012, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, no que se chega ao 22,85%, fronte ao 19,85% do colectivo masculino, pero cunha tendencia a reducir as diferenzas.

Décima.- Mantense unha maior representación dos homes na contratación (51,41%) fronte ás mulleres (48,59%), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (no ano 2012 o eventual por circunstancias da produción a tempo parcial superou ao de xornada completa) e un menor concerto de contratos indefinidos

Cómpre destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como é a de interinidade (70,73%), e a de prácticas volve a superar aos concertados con homes. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Décimo primeira.- Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.) as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 23% inferior ao dos homes, e o 34% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 81% das prestacións percibidas polos homes. Do mesmo xeito, as pensionistas galegas só percibiron como media o 74% das pensións do grupo de homes.

Décimo segunda.- As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 84% dos casos. Porcentaxes similares danse nas excedencias por coidado de fillo/a (94%

de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e adultos enfermos, persoas con discapacidade ou maiores, o 97% son mulleres.

Décimo terceira.- No ano 2012 reducíronse as contratacións en 9.107 contratos. Do total de contratos rexistrados o 92% o foron baixo unha modalidade de duración temporal, e só un 8% o foron de xeito indefinido.

A modalidade contractual máis utilizada segue sendo o contrato eventual por circunstancias da produción (43,48% dos contratos iniciais) Nun segundo lugar atópase o contrato de obra ou servizo determinado (35,68% dos contratos iniciais).

Tendo en conta a xornada, o máis significativo foi o aumento da xornada a tempo parcial, acadando o 35% en 2012 (31% en 2011).

O traballo temporal no sector privado acadou un 22,2% no colectivo masculino e un 26,8% no feminino sobre o conxunto da poboación asalariada. No sector público situouse nun 15,2% e un 22,6% segundo foran homes ou mulleres. A rotación dos asalariados galegos foi de 3,65 contratos eventuais por cada traballador, e a rotación das asalariadas galegas acadou os 2,97 contratos.

Décimo cuarta.- Con datos da Seguridade Social para o ano 2012, se ben se incrementan globalmente as cifras de empresas en alta, iso é debido a que desde o 1 de xaneiro de 2012 existe unha nova regulación para os réximes agrario e do mar coa súa inclusión, como sistemas especiais, no Réxime Xeral. Resáltase que o 88,3% das empresas teñen menos de 10 persoas traballadoras, e a ocupación elevada de traballadores/as en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

Décimo quinta.- Continúan a facerse patentes os efectos da crise en 2012

e o número de persoas afiliadas á Seguridade Social diminúe en media anual en 39.000, tras a baixa de 42.800 en 2009, 22.200 en 2010 e 27.300 en 2011. O descenso dos activos/as prodúcese en todos os sectores da actividade, en especial na construción: o 15,89%.

Décimo sexta.- A relación persoas activas/persoas pasivas no sistema da Seguridade Social ven a afondar en 2012 o signo negativo: maior incremento das persoas receptoras de prestacións en relación coas persoas afiliadas, producíndose en Galicia unha diminución de 6 décimas e pasando a representar 1,29 cotizantes por pensionista, fronte ao 1,89 do conxunto do Estado (oito décimas menos que no ano 2011)

Décimo sétima.- Diminúen en cómputo anual ao fin de 2012 as afiliacións á Seguridade Social no colectivo das mulleres en 6.417 cotizantes, se ben estas pasan a representar en decembro do citado ano o 48,12% do total das persoas afiliadas en Galicia.

Décimo oitava.- Da formación da demanda dirixida á poboación ocupada en Galicia beneficiáronse 37.860 empresas. Delas, as maiores porcentaxes déronse entre aquelas empresas cun cadro de persoal de entre 10 e 49 persoas traballadoras, e aquelas de 1 a 5 persoas traballadoras.

Na devandita formación participaron un total de 169.835 persoas. Respecto ao ano 2011 obsérvase un descenso de 153.647 participantes, respecto aos 170.482 do ano pasado.

Do total de participantes formados e formadas, a maior porcentaxe concéntrase nos dous grupos de idade de entre 26 e 45 anos en ambos sexos. Tamén mostra que, do total de participantes, 100.771 (59,33%) son homes, mentres que 69.064 (40,67%) son mulleres.

Respecto aos contidos formativos con maior número de participantes, des-

taca “Prevención de riscos laborais en xeral” que concentra o maior número: 36.462 persoas (o 21,47%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de formados e formadas son “Xestión de Recursos Humanos” (7,80%) e “Seguridade Alimentaria” (5,13%).

Décimo novena.- O total de accidentes en xornada de traballo experimentou un descenso dun 24,03%, sendo significativa a diminución nos accidentes de todas as cualificacións. Mantense, por tanto, a tendencia decrecente na sinistralidade laboral dos últimos anos. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, a construción segue a ser con gran diferenza a actividade que máis sinistralidade rexistra.

Vixésima.- No total de accidentes, Galicia está por riba do índice de incidencia estatal, tendo cinco comunidades un índice de incidencia maior. No que se refire ao índice de incidencia correspondente aos accidentes mortais, e excluindo o caso de Melilla, Galicia ocupa, con Extremadura, o primeiro lugar entre as comunidades, cun índice que está máis de 2 puntos por riba da media estatal. Na evolución destes índices en Galicia obsérvase claramente unha diminución en relación cos anos anteriores.

Vixésimo primeira.- O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2012, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 841, dos cales 126 son de sector e 715 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 14 novos convenios (todos de empresa), sete na Coruña, un en Lugo, cinco en Pontevedra e un é de ámbito autonómico.

Vixésimo segunda.- O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2012 foi do 1,47%. Esta media é inferior ao IPC galego deste ano, que foi do 2,6%, e tamén ao estatal, que foi do 2,9%.

O 25,64% dos convenios asinados, e o 43,33% dos revisados recollen cláu-

sulas de revisión salarial, mentres que o 57,14% dos convenios colectivos de sector asinados en 2012 recollen cláusulas de desvinculación salarial.

Respecto da ultraactividade dos convenios colectivos, a 31 de decembro de 2012, o 57,26% dos convenios recollen pactos establecendo a ultravixencia do texto convencional. O 64,19% das persoas traballadoras afectadas pola negociación colectiva contan coa cobertura dunha cláusula de ultraactividade.

En materia de xornada, a media pactada no ano 2012 foi de 1770 horas, sendo máis reducida nos convenios de empresa (1.727 horas) fronte aos de sector (1.781 horas).

Son 82 convenios colectivos os que indican unha xornada inferior á máxima legal (10 de sector e 72 de empresa).

Vixésimo terceira.- Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e segundo criterios de repercusión, as folgas experimentaron un claro incremento en relación co ano anterior, dato que se aprecia no aumento no seu número, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas.

Vixésimo cuarta.- En expedientes de regulación de emprego, séguense incrementando sensiblemente neste ano tanto os expedientes como o número de persoas traballadoras afectadas, o que reflicte que continúa a situación que, durante estes últimos anos, afecta gravemente o mundo laboral. Desagregando por tipos de expediente resolto, obsérvase un incremento nos expedientes de regulación dos tipos reduutivo e suspensivo, e unha diminución nos expedientes de tipo extintivo.

Vixésimo quinta.- O número de persoas perceptoras en Galicia da prestación económica de desemprego sitúase en media anual do 2012 en 158.640, cun aumento do 8,67% con respecto ao ano anterior, se ben supoñen só o 5,39% do total estatal. Case a metade das persoas perceptoras da comunidade autónoma o

son dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción).

Vixésimo sexta.- Os preto de 964.000 persoas beneficiarias do conxunto de prestacións sociais en Galicia supoñen o 34,65% do total da poboación, porcentaxe que é 7,82 puntos máis elevada co correspondente ao total do Estado. O importe mensual destas prestacións foi en Galicia de 701 millóns de euros, o que supón un incremento dun 3,4% con respecto ao ano 2011.

Vixésimo sétima.- Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos, e tendo en conta os e as representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2012, a central sindical UGT-Galicia, cun 30,18% do total, é a que obtivo o maior número de representantes (5.552), seguida do S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG cun 28,98% e un 26,75% respectivamente (5.331 e 4.921 representantes), repartíndose o 14,09% restante as demais centrais sindicais e grupos de traballadores, cun total de 2.592 representantes.

INFORME SOBRE A SITUACIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA EN 2013

O informe anual sobre a situación da negociación colectiva na comunidade Autónoma de Galicia vense realizando practicamente dende a creación do Consello Galego de Relacións Laborais.

Do seu contido, desde o ano 2003, dáse conta pormenorizada na páxina web do organismo: <http://cgrl.xunta.es>.

BOLETÍN DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA


Desde 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio de Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao Consello Galego de Relacións Laborais, o persoal do organismo elabora un Boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a coxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xornada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén o Boletín a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia. A vocación é de chegar a todos os rincóns de Galicia e a todos os axentes sociais como fonte de difusión e coñecemento da nosa realidade.

datos de interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.

Na páxina web do Consello <http://cgrl.xunta.es> poden consultarse todos os Boletíns publicados desde outubro de 2009 ata outubro de 2013 (no momento de editarse esta Memoria de actividades).

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o Boletín contén tamén os

PERSOAL DO CONSELLO



PERSOAL DO CONSELLO

De acordo co artigo 14º da lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo e rexerese pola normativa da comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A relación de postos de traballo é a seguinte:

- un posto de secretario ou de secretaria do Consello (30)
- unha xefatura de Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos (28)
- unha xefatura de Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios (28)
- unha xefatura de Sección de Xestión Orzamentaria (25)
- unha xefatura de Sección de Informes e Publicacións (25)
- unha xefatura de Sección de Habilitación e Persoal (25)
- unha xefatura de Sección Xurídica (25)
- unha xefatura de Negociado de Habilitación (20)
- unha xefatura de Negociado (18)
- un posto de secretaria ou de secretario da presidenta ou do presidente do Consello (18)

Persoal do consello



- un posto de secretaria ou de secretario da secretaria ou de secretario Consello (16)
- dous postos base administrativo (14)
- dous postos base de auxiliar administrativo (12)
- un posto base de ordenanza (10)

Durante 2013 estivo vacante un posto de traballo.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

1. Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria xeral na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de conciliación e mediación e de arbitraje que se inicien ao abeiro do AGA.
2. Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, así como a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia.
3. Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia e das publicacións periódicas que edita o Consello, entre as que destacan a de Ditames emitidos, a memoria de actividades do organismo e o Informe anual sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica. Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, se-


minarios e encontros de debate social, entre os que destaca o Curso Superior de Relacións Laborais.

5. Área de Documentación e Arquivo. Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.

A continuación, reflíctese, por orde alfabética, a relación de traballadoras e traballadores que durante 2013 prestaron os seus servizos no Consello:

- Celso Araujo Castro
- Ignacio Bouzada Gil
- Carmen Cabanas Carlin
- Eva Camino Fernández
- Ernestina Campo Fernández
- Cristina Cuendias Paredes (dende o 27 de novembro)
- M^a Jesús Díaz Lorenzana
- Gumersindo Donas Vázquez
- Borja Fernández Eiras
- Silvia García Roca
- Paloma Gómez Moares (ata o 16 de setembro)
- Ana Iglesias Pardo
- Zeltia Lado Lago (ata o 29 de xaneiro)
- Marisa Peña Cebreiro
- M^a José Pérez Señarís
- Beatriz Rivas Bibian

GASTOS ORZAMENTARIOS



GASTOS ORZAMENTARIOS

| | 2012 | 2013 |
|---|-------------------|-------------------|
| Arrendamentos | 7.686,13 | 8.689,92 |
| Reparacións, mantemento e conservación | 5.845,45 | 4.867,99 |
| Material de oficina | 5.584,61 | 5.983,73 |
| Subministracións | 6.806,77 | 12.143,87 |
| Comunicacións | 1.969,59 | 1.374,49 |
| Publicidade e propaganda | 332,76 | 0,00 |
| Gastos diversos | 24.280,93 | 12.406,67 |
| Reunións e conferencias | 23.000,00 | 30.657,13 |
| Limpeza e aseo | 10.803,50 | 8.989,66 |
| Seguridade | 9.420,38 | 8.463,50 |
| Estudos e traballos técnicos | 16.247,00 | 42.665,77 |
| Remuneracións a axentes mediadores | 0,00 | 27.829,68 |
| Publicacións | 18.024,77 | 16.272,50 |
| Indemnizacións por razón do servizo | 3.598,97 | 3.887,59 |
| Outras indemnizacións | 202.000,00 | 202.000,00 |
| Total gastos servizos exteriores | 335.600,86 | 386.232,50 |
| Subvención á USC (Curso Superior Relacións laborais) * | 38.034,53 | 45.000,00 |
| Gastos de capital | 11.700,00 | 3.876,20 |
| Total gastos | 385.335,39 | 435.108,70 |
| Total gastos de persoal | 576.643,06 | 555.874,08 |
| TOTAL GASTOS | 961.978,45 | 990.982,78 |

* O importe da subvención á USC para XXII edición do Curso afectou a dous exercicios orzamentarios, sendo o seu importe en 2011 de 17.024,13 € e en 2012 de 38.034,53 €.



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS